



XV Asemblea Nacional do BNG
28 de febreiro 2016
A Coruña

100
anos de
nacionalismo
galego

auto

organización
gobierno
determinación



ÍNDICE

- Relatorio do Consello nacional aprobado pola Asemblea Nacional
 - I. Análise de situación (páxina 1)
 - II. Tese de estratexia política (páxina 10)
 - III. Tese de organización (páxina 27)
- Estatutos do BNG (páxina 40)
- Órganos de dirección do BNG (páxina 74)
- Resolucións aprobadas na XV asemblea nacional do BNG (páxina 77)
- Organizacións nacionais e internacionais convidadas (páxina 79)

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

Relatorio do Consello Nacional aprobado pola
Asemblea Nacional



I. ANÁLISE DE SITUACIÓN

Un mundo máis desigual e inxusto

O mundo vive momentos de gran dificultade e convulsión. Novas guerras por controlar os recursos enerxéticos e intereses xeoestratéxicos, o incremento das desigualdades e unha concentración maior da riqueza en menos mans son algúns dos trazos que caracterizan o día de hoxe. Un período en que se consolida un modelo imperialista percorrendo unha nova etapa no seu desenvolvemento histórico que está a causar un gran dano á humanidade. A finalidade última da (mal) chamada globalización é avanzar na plena liberalización mundial dos capitais comercial, financeiro e produtivo, limitando ou tentando anular a capacidade das sociedades e dos estados de intervir e regular as súas respectivas economías. A nova orde internacional intensifica a competencia en escala mundial, na práctica concentrada en grandes monopolios. Aínda que o discurso dos defensores do neoliberalismo fai referencia á libre competencia, ao mercado libre, á competitividade ou á eliminación das supostas inxerencias da política na economía, estes conceptos só enmascaran as relacións de poder reais e son utilizadas pola ideoloxía dominante para agochar as relacións de dominio que se producen. O Estado abandona ou privatiza as súas funcións sociais, mais o seu papel continúa a ser clave; simultaneamente reforza as penais, de seguridade ou represivas, sen descartar a intervención directa para salvar os grandes capitais, como demostran os xigantescos programas de rescates da banca e dos especuladores inmobiliarios e financeiros aprobados na crise actual, esquecendo intencionadamente que a economía debe estar ao servizo da política e da satisfacción das necesidades sociais.

As consecuencias destas políticas maniféstanse tamén no drama humano que están a implicar os grandes movementos migratorios cara a Europa, quer como consecuencia de conflitos militares, quer por razóns económicas. O fluxo migratorio evidencia tamén os intereses de determinados estados europeos e, ao mesmo tempo, a verdadeira face das políticas imperialistas, caldo de cultivo do populismo e a xenofobia que hoxe se estenden polo continente.

Existe unha profunda crise do sistema, mais tamén un reforzamento do papel do EEUU como potencia hexemónica. Os tratados de libre comercio en proceso de debate e ratificación, e singularmente o TTIP e o TISA, suporán un agravamento do modelo capitalista neoliberal en beneficio do capital transnacional e as corporacións empresariais e financeiras nas que se organiza, con consecuencias nefastas a nivel social, laboral, económico, ambiental e democrático. Supoñen ademais unha ameaza para o exercicio efectivo da soberanía, que no caso galego agudizará a nosa dependencia restrinxindo a xa ultralimitada capacidade de autogoberno.

Os instrumentos de dominio son tan potentes como perversos. Así, por exemplo, pór a competir as persoas traballadoras dun lugar do mundo coas doutro, pretende forzar un pacto social entre o traballo e o capital que supoña de facto a renuncia ás naturais reivindicacións laborais, empeorando as condicións de vida das clases traballadoras. Por outro lado, calquera indicio de "heterodoxia" ou resistencia aos designios do gran capital pode ser castigado coa temida "fuga de capitais". Unha deslocalización que xa non só se realiza desde os territorios centrais do sistema cara a periferia subdesenvolvida, senón mesmo entre faixas próximas, como no caso do Leste de Europa. Esa dinámica, é tamén empregada nos territorios con maior grao de desenvolvemento do chamado Estado do Benestar, para forzar mediante a chantaxe a regularización normativa, a precarización das condicións de traballo e o empobrecemento salarial, con base nun falso discurso de competitividade global.

A profunda crise social e económica que nos atravesa provocou cambios substanciais no noso contorno. Agudizáronse as desigualdades sociais entre as persoas aumentando o nivel de explotación e provocando o empobrecemento da maioría social que representan os e as traballadoras, e os pobos. A virulencia extrema desta última crise deixa un rosario de desfeitas en forma de desemprego, exclusión social e pobreza en todas as súas formas. A credibilidade do sistema tamén se viu afectada con desafección e deslexitimación das institucións e do conxunto do réxime español. Dese proceso, e da necesidade de rexeneración xurdiron novas forzas políticas, as chamadas 'emerxentes', promocionadas con todo luxo de medios. O interese do poder é canalizar calquera elemento de contestación social potencialmente perigoso reconducíndoo ao plano electoral controlábel e, sobre todo, frear os movementos

nacionalistas para trabar os procesos soberanistas, particularmente en Catalunya, onde sustentado nunha forte mobilización do seu pobo, estase a dar o proceso máis decidido de cuestionamento do Estado Español. O réxime, enfrontado a unha situación de crise múltipla, soubo concentrar e desprazar o descontento espontáneo cara a aqueles escenarios que lle son máis controlábeis: das rúas e das organizacións sociais e populares -máis ou menos articuladas, mais capaces de agrupar, expresar e organizar a defensa de intereses comúns- aos medios de comunicación; e da mobilización social ás institucións. Así e todo as costuras do réxime saído da transición rebentan co proceso soberanista que emerxe con forza en Catalunya. Comprobamos como o debate democrático en torno ao dereito a decidir das nacións que integran o Estado español, constitúe o elemento central da política e o elemento rupturista do actual réxime.

No contexto europeo, as políticas da Unión Europea tamén puxeron de manifesto o verdadeiro valor do exercicio da soberanía dos pobos. O conflito desatado en Grecia, que demostrou de forma evidente os límites dos proxectos de reforma da Unión Europea, evidenciou a necesidade de recuperaren os pobos a capacidade de decidir en función das súas propias necesidades. A defensa da soberanía gañou tamén espazo como consecuencia do impulso de nacións sen estado en que avanza o movemento nacionalista: Escocia, Flandres, Córsega... A reivindicación dos dereitos das nacións e dos pobos é hoxe o principal factor de cuestionamento das políticas antisociais da Unión Europea.

Ollamos unha UE que impuxo recortes de dereitos e liberdades e unha política cruel e inxusta, a mal denominada austeridade que, na realidade, radicaliza unha longa secuencia de políticas neoliberais, que no caso do Estado español comezaron os gobernos do PSOE e continuaron con maior intensidade os do PP.

Para alén diso, a crise e a súa xestión no ámbito europeo corroboran as posicións críticas do BNG sobre a Unión Europea, como Galiza foi moeda de cambio -afectando moi negativamente aos nosos sectores produtivos básicos- e desvelan a necesidade de adoptar estratexias contestatarias que radiquen na realidade propia de cada nación. A nosa crise demográfica, o despoboamento de grandes zonas do rural ou a emigración en masa de xente nova a outras zonas do mundo evidencia que temos que atallar problemas estruturais diferentes aos doutros pobos. Mentres a UE sexa un espazo ao servizo da globalización é imposible artellar a Europa dos pobos, democrática e social, pois as normas actuais son extremadamente claras e duras. O chamado Estado do Benestar, do capitalismo posterior á II Guerra Mundial, deixou de existir. Como mostra, velaquí uns datos terroríficos: a participación das rendas salariais no Produto Interior Bruto baixou en torno aos 10 puntos nos últimos 20 anos

na maioría dos estados membros da UE, ao igual que en Xapón e nos USA; tamén as desigualdades se multiplicaron; as persoas ricas cada vez máis ricas e as pobres, máis pobres; uns estados, ou cando menos as súas elites económico-financeiras, cada vez máis ricos e outras nacións cada vez máis empobrecidas.

Galiza, un país en crise

As institucións autonómicas en Euskadi e Catalunya foron aproveitadas polo nacionalismo hexemónico para a consolidación da lingua e cultura propias e de barreira contra os continuos intentos recentralizadores do Estado. A diferenza dos casos vasco e catalán, no noso país os usos sociais, recursos e consolidación da nosa lingua nas novas xeracións foi a peor. O esgotamento do sistema autonómico en Galiza, Euzkadi e Catalunya ten distintas causas mais son tres realidades constatábeis. A Galiza de 2016 é das nacións máis envellecidas do mundo, que perde poboación activa e onde o número de pensionistas case iguala ao de persoas empregadas a tempo completo. Un país onde as mulleres teñen máis desemprego e precariedade, soportan o subdesenvolvemento e dismantelamento do estado de benestar e de servizos públicos, así como discriminación salarial e social. Unha terra onde a mocidade convive con precariedade e emigración como destino. O estalido da burbulla inmobiliaria e a quebra do sistema financeiro aceleraron estes procesos que xa se viñan detectando. Así, estas políticas agudizaron aínda máis a dependencia da Galiza, a explotación, o empobrecemento, a precarización e privatización dos servizos públicos, a corrupción sistémica ou a perversión das institucións e procedementos formalmente democráticos.

A base material do país sofre a destrución e o dismantelamento dos sectores produtivos, coa incapacidade de conseguirmos un desenvolvemento económico autocentrado e planificado desde a Galiza. Hoxe a Galiza ten unha estrutura de clases onde a gran maioría da poboación activa son traballadores e traballadoras dependentes do traballo asalariado, con menor peso de sectores outrora máis potentes -primario, de transformación, naval- pola destrución planificada; un sector industrial que sofre os efectos da deslocalización e un sector servizos altamente precarizado.

As políticas neoliberais impulsaron unha profunda precarización co pretexto da crise económica. Produciron amplas capas da poboación instaladas na precariedade e o desemprego, con poucas expectativas de mellora vital, que conviven con outros sectores que, a pesar de experimentaren o impacto da crise e os recortes, manteñen mellores condicións de vida e emprego. Isto provoca que parte das primeiras non se sintan interpeladas na defensa dos servizos públicos e das conquistas sociais

(pensións, incremento anual dos salarios...) mentres non se solucionen as súas necesidades perentorias do sostemento vital. Esta fragmentación pretende dividir a resposta social en fronte de conflito máis pequenas, hipersectoriais e conxunturais, moito máis fáciles de someter desde o poder. Desde esta perspectiva, é preciso establecer unha estratexia inclusiva de defensa dos servizos públicos e dereitos sociais que non se limite a frear os recortes para as capas de poboación que, por situación laboral ou idade, puideron acceder a eles, senón que garanta unha nova e inmediata universalización das prestacións públicas (acceso á sanidade, pensións, sistema de bolsas, educación, vivenda...), que sexa sustentábel para o conxunto da poboación e que se basee na progresividade e na xustiza social.

O colectivo de persoas autoempregadas e autónomas ten hoxe grandes dificultades de subsistencia, está sometido á presión dunha promoción desde as administracións da autoexplotación/autoprecarización fronte á incapacidade do vixente modelo económico de proporcionar emprego digno, ao que se suma a culpabilización sobre a situación individual, sentimento inducido pola maquinaria do neoliberalismo pero que na realidade é produto de causas alleas á súa responsabilidade como a inexistencia de entidades crediticias propias, a ausencia de asociacionismo ou a voracidade das grandes empresas.

Para poñer en práctica tal programa carente de algún valor ético ou moral contrario á maioría social. é precisa a actual regresión das liberdades públicas e un aumento da represión social, así como a blindaxe institucional fronte a unha mobilización social existente, aínda que fragmentada e sectorial, e pequena cuantitativamente excepto casos puntuais.



A análise da realidade, incluída a experiencia política da autonomía durante trinta anos, demostra que a Galiza non é viábel co actual marco político de descentralización puramente administrativa. Necesitamos responsabilizarnos de nós mesmas, do país, sermos conscientes de que, se non o facemos, o devalar destrutivo continuará. Demostrouse, máis unha vez, que a autonomía, para alén dunha simple descentralización

administrativa sobre a xestión das competencias que ao Estado central non lle

interese ou conveña exercer en cada momento, non é un instrumento axeitado nin con capacidade real de adoptar medidas que poidan incidir con eficacia para a defensa dos intereses da Galiza. O exercicio da soberanía, a libre elección e capacidade de decidir, só se pode concretar quer nunha confederación de estados-nacións libres, que pactan para vivir unidos en igualdade, quer na independencia. Estas son as únicas alternativas para a Galiza avanzar. Por iso o BNG reafirma a aposta estratéxica nun Estado galego soberano, a República da Galiza. Todo o que contribúa nesta dirección pode e debe ser apoiado. A Galiza, o pobo galego, ten o seu principal reto en entender que non vive grazas a España, senón do seu traballo, do seu esforzo, que as súas dificultades e regresión en todas as ordes proveñen xustamente de estar inserida nun deseño estatal e da UE que a prexudica claramente. Temos que mellorar a nosa capacidade de comunicación política para transmitir esta posición, nomeadamente a partir da construción de conciencia nacional e social tanto desde o traballo social de base como desde o institucional

Autoestima colectiva

Canto ao panorama político constatamos que na Galiza un elemento engadido á conversión da política nun puro espectáculo mediático é o efecto desgaleguizador das dinámicas predominantes. A inexistencia dun marco galego nos medios de comunicación de masas acelera a españolación dos cadros de referencia de galegas e galegos. A



decisión do Goberno de Feijóo de favorecer o proceso de desgaleguización, moi en sintonía coa doutrina Wert, acelerou este proceso, reducindo a capacidade identificadora da nosa lingua e desarmando aínda máis á capacidade da nosa sociedade para reaccionar ante agresións tan profundas como as que estamos a sufrir. Un potente vector que reforza a españolación social actual, desde a perda de falantes do galego até a promoción na vida social (cultura, deporte...) de referencias españolas máis amábeis e desproblematizadoras, distintas ás tradicionais asociadas á españolaidade. É tarefa fundamental para o nacionalismo galego pois, crear cadros de referencia galegos en todos os elementos da vida social, desde o ámbito do recoñecemento público, pasando polo asociacionismo, o deporte ou a cultura; para o aumento imprescindible da conciencia nacional do noso pobo.

O debate sobre a nosa capacidade como pobo é fundamental para cultivar a nosa autoestima colectiva. Mesmo nunha posición de debilidade e regresión xeramos ingresos suficientes para atender os servizos básicos do noso país.

Do mesmo xeito é fundamental interiorizarmos, primeiro nós e logo o conxunto da sociedade, da necesidade de artellar respostas prácticas a problemas concretos, garantindo desde a acción comunitaria o acceso a servizos e dereitos onde as institucións ou o propio sistema non chega. Valorizar a nosa militancia dando respostas e solucións a cuestións claves como a escolarización en galego e no rural, artellando e participando de redes económicas sociais, ou calquera outra alternativa práctica claramente encamiñada a demostrar que existe vida mais alá do sistema fará do BNG unha organización críbel e recoñecíbel como forza realmente transformadora.



Un novo imaxinario nacionalista

O BNG ten que repensar a súa acción e o seu discurso político e adaptalo a unha sociedade que experimentou moitos cambios políticos, sociais e demográficos. Unha parte moi relevante da poboación galega vive ou traballa en contornos urbanos e tamén son homoxéneas as referencias culturais e mediáticas que teñen a maioría das galegas e dos galegos e, moi

singularmente, a mocidade.

A forte desgaleguización da sociedade e o proceso de recentralización política, cultural e mediática son feitos que temos que ter en conta no noso discurso e na forma de intervir socialmente. A recuperación da estima polo propio e da defensa da identidade galega teñen que ser obxecto principal da actuación política do BNG tanto no ámbito institucional como social. Hai un amplo sector da poboación que pode gañarse mediante o diálogo e estratexias axeitadas para a defensa da lingua e do país, dando un primeiro paso para, posteriormente, asumir un compromiso máis amplo. Hai, pois, que dar pasos concretos na creación dun imaxinario para o nacionalismo e dun discurso obxectivo e subxectivo que remita a este imaxinario. A estreita ligazón deste imaxinario con valores positivos, creativos e modernos é fundamental para combater o derrotismo para avanzar, para -día a día- acrecentar o

número de persoas que acrediten en si mesmas e na Galiza á que pertencen e a que, como galegos e galegas, habitan.

Para alén da necesaria afirmación identitaria en positivo, para avanzarmos na suma de apoios conscientes á causa da soberanía, esta debe ser expresión da emancipación nacional e tamén social do noso pobo. Xa que logo, cómpre partir da interdependencia que no caso galego existe entre a cuestión social, isto é a superación do actual marco de inxustiza, desigualdade e explotación, e a nacional. Esta simbiose non debe ficar reducida a mera enunciación, senón que debe atravesar todo o discurso e tamén nutrirse na proposta política do BNG. Trátase pois, de defendermos a conquista da plena soberanía nacional desde unha concepción popular, presentando este obxectivo para alén de como unha afirmación da nosa identidade e unha cuestión democrática, como un instrumento indispensábel para a construción dunha nova organización económica e social, ao servizo do pobo. Como un medio para que as loitas sociais se materialicen de maneira efectiva. Desta maneira, estaremos a combater, clarificando, a falsa contradición entre as reivindicacións nacionais e as sociais, que se proxecta desde fóra do BNG para xustificar a subordinación destes obxectivos a posicionamentos puramente electorais e conxunturais.

Finalmente é imprescindible ser socialmente pedagóxicos no obxectivo de explicar que a loita nacionalista, a defensa do país, a súa soberanía, é o único camiño para a mellora das condicións materiais de vida das clases populares. Só desde o exercicio da soberanía como pobo, desde o principio de gobernarmos nós sobre os nosos asuntos, seremos quen de levar adiante políticas transformadoras, de defensa da lingua e da nosa identidade e da creación dun imaxinario colectivo onde a loita económica das clases populares pola xustiza social sexa indisoluble dun proceso de liberación nacional.

Recuperar a iniciativa política e social para desterrar o derrotismo

O BNG está inmerso nun devalo electoral, síntoma dunha alarmante perda de apoios sociais, tanto cara ao proxecto da propia fronte como cara ao nacionalismo galego en xeral. Cómpre, pois, analizarmos os motivos da diminución das nosas forzas e loitarmos por reverter a situación, recuperando e expandindo a nosa base social, co obxectivo de sermos a expresión política dun movemento nacionalista forte. Somos conscientes dos cambios que se produciron no ámbito político e electoral que deben ser incorporados á nova etapa que abrimos. Estas mudanzas operan nas expectativas sociais sobre a política, na maior espectacularización e mediatización, así como nun espazo galego minguante e desfigurado.

Neste contexto aparecen no panorama estatal novas forzas políticas que canalizaron unha boa parte do descontento social. Son forzas que emerxen con gran apoio mediático que veñen a renovar o sistema de partidos que sustentan o réxime español e que conseguiron xerar en sectores sociais unha expectación de cambio. De certo estes novos partidos disputan unha parte do noso electorado que tamén afectou de forma notábel os movementos nacionalistas en Cataluña, Euskal Herria e a Galiza. O acelerado proceso de recentralización política, unido ao intenso apoio mediático, fixo xirar o debate electoral fundamentalmente arredor de catro forzas estatais (PP, PSOE, Podemos, Ciudadanos) e deixou malparada unha parte relevante do nacionalismo.

Neste espazo observamos tamén a falacia da dupla linguaxe dun dos novos actores políticos estatais, Podemos, arredor da 'cuestión nacional': garante da unidade de España nos territorios españois, defensor da 'plurinacionalidade' e do referendo (explicitamente só para Cataluña) nas nacións. Trátase dunha táctica que pretende absorber parte dos reclamos e demandas doutras alternativas



-un discurso sobre a especificidade da Galiza como suxeito, sobre o referendo en Cataluña- mais só coa condición de poder difuminalas até ficaren desprovistas de calquera posibilidade de se efectivizar. No noso país esta forza política, lexitimada por se presentar en coalición cunha forza galega, tivo máis facilidades para entrar no electorado nacionalista. Porén, véñse consolidado en Galiza un espazo político que ten de referencia fundamental a esquerda española, e que está participado por organizacións galegas, de incidencia decrecente nese espazo nunha posición a cada día visibelmente máis satelizada na súa actuación e discurso, nunha alianza estábel que camiña a unha integración orgánica de facto. En consecuencia, prioriza a acción política a nivel estatal e un discurso de certas reformas no social sen alterar no básico o sistema, desligando ademais a cuestión social da nacional. No entanto, por se autoidentificaren parcialmente como nacionalistas, disputan hoxe o espazo político e a base electoral do nacionalismo galego. Mais a isto tamén non é allea a fráxil conciencia nacional galega, acentuada polo impacto do preconceito do anticatalanismo -que afortala o antinacionalismo-. Este contexto facilita a identificación co marco político español en termos de unidade da esquerda, sen

condicións de autoorganización e coa lexitimación social que lle dan aqueles que participan desa opción política desde a autoidentificación nacionalista. É por isto que o BNG como expresión do nacionalismo galego organizado politicamente debe ter claros os seus obxectivos e traballar por eles nas situacións fáciles e nas difíciles.

II. TESE DE ESTRATEXIA POLÍTICA

1. A refundación do BNG



O BNG, con máis de tres décadas de existencia, representa a continuidade do proxecto nacionalista que agromaba coa fundación das Irmandades da Fala en 1916. Ao longo destes anos o nacionalismo contribuíu de maneira notábel á dinámica política e social da Galiza, constituíndo un polo de referencia e traballando sempre na defensa dos sectores populares, das capas sociais máis agredidas polas políticas centralistas e neoliberais. O

BNG modelou alternativas políticas e iniciativas sociais e institucionais que partindo da defensa do dereito de autodeterminación, apostan pola xustiza social, a igualdade, o feminismo, a solidariedade, o ecoloxismo, a normalización lingüística e o dereito a vivir na nosa terra. Ideas de progreso e democracia real.

Porén, aínda que a situación política, social e electoral mudou de xeito significativo após a crise iniciada en 2008, o BNG non foi quen de revertir o debilitación do proxecto nacionalista a nivel social e electoral que se viña dando desde anos antes. Esta delicada e preocupante situación, así como os cambios sociais e políticos que se están producindo, requiren abrir unha nova etapa no BNG coa refundación e ampliación do proxecto, nun diálogo que vai máis alá do propio BNG. Cómpre iniciar un proceso que nos permita preservar e fortalecer o proxecto nacionalista e facelo avanzar. Nesta asemblea nacional iniciamos cambios de estratexia e novas propostas de actuación. Mais para afondar nos cambios e debates é preciso tempo que permita consolidar o proceso e incorporar novas persoas e pluralidade. Co obxecto de profundar nesta dirección, lanzamos o proceso de refundación do BNG.

Consideramos que no momento actual, como base deste amplo proceso de debate e decisión, debemos partir da constatación de tres necesidades: a reformulación completa das nosas formas de traballo, a adaptación organizativa das estruturas necesarias para levar a cabo tal tarefa, e a necesidade de manter o proxecto político que encarna o BNG: unha ferramenta da autoorganización do pobo galego en todos os campos da política para a consecución da plena soberanía nacional nun modelo de sociedade ao servizo das súas clases populares. Todo isto, tendo en conta a situación internacional dentro e fóra do Estado español, a composición da sociedade galega hoxe, o contexto político e existencia ou non de máis persoas e sectores organizados que partillen connosco os mesmos obxectivos políticos.

Que é?

Unha iniciativa política aberta, de debate democrático, amplo e profundo, e que coa participación directa das bases do nacionalismo se formula como ferramenta participativa para a reformulación e apertura dunha nova etapa do noso proxecto político.

Que busca?

Este proceso terá os seguintes obxectivos:

- **recoller a opinión** sobre o momento político, a situación do nacionalismo e a estratexia a seguir polo BNG da nosa contorna e base social e electoral, e igualmente daqueles segmentos de poboación que nos apoiaron noutros momentos e non o fixeron nos últimos procesos electorais
- **obter elementos de análise** sobre a percepción social existente sobre o BNG e sobre o nacionalismo, tanto en relación ao proxecto político como á identificación do noso papel no actual contexto social, económico e político e á nosa posición en relación aos demais actores políticos
- **definir colectivamente** as liñas mestras que permitirán abrir unha nova etapa no proxecto político do nacionalismo. Falaremos de todo, tanto da definición da liña política e dos elementos discursivos, como da forma de organización e das liñas de reactivación da participación e dos novos modelos de implicación e comunicación.

Sobre que principios asenta?

O proceso de refundación ten como principios políticos que:

1. A Galiza, como nación, ten dereito á autodeterminación e ao exercicio da

soberanía nacional.

2. O nacionalismo é a resposta do pobo fronte unha situación de dependencia económica, opresión cultural e política da Galiza que imposibilita a transformación e benestar da sociedade. Defende un programa para a gran maioría da sociedade galega.
3. Defensa da democracia e dos intereses populares.
4. Necesidade de autoorganización política e social e non dependencia nas relacións de Galiza.
5. Solidariedade, antiimperialismo, paz e desarme no concerto internacional.
6. Un modelo social que promova un desenvolvemento socioeconómico propio, sustentábel, contrario á dependencia, antipatriarcal e a prol do benestar de todo o pobo. Baseado na xustiza social, na democracia, na defensa da lingua e cultura nacionais e na igualdade, fronte a calquera tipo de discriminación.
7. Unha organización transparente, plural, democrática e assemblearia, que quere ser un gran movemento social que, con vocación hexemónica, transforme as enormes potencialidades do pobo galego en capacidades de existir por si mesmo.

Como se desenvolverá?

Corresponderalle ao novo Consello Nacional do BNG a convocatoria e o lanzamento público deste proceso, cun prazo máximo de dous meses.

Desenvolverase a través de diferentes procedementos presenciais e virtuais: asembleas abertas, mesas redondas, xuntanzas con colectivos e persoas, grupos de discusión e debate, espazo web...

Temporalmente atenderá de forma sucesiva tres bloques de contidos:

- Radiografía social, política e económica da Galiza actual
- Estratexia política do nacionalismo
- Participación política e modelo organizativo

Ao remate do período de debate de cada bloque procederase á súa aprobación con carácter nacional.

Este proceso rematará no prazo máximo dun ano, coa realización dunha Asemblea Nacional específica. Planificarase o proceso para que sexa un revulsivo no traballo político de preparación do Día da Patria Galega, así como que parte das actuacións que nos permitan abordar con garantías as eleccións ao Parlamento de Galiza de 2016 ou unhas posíbeis novas eleccións ao Parlamento do estado.

Quen participará dela?

Este proceso terá como **destinatarias** todas as persoas que se sintan nacionalistas, soberanistas, independentistas, galeguistas ou compartan, como galegas, a necesidade de a Galiza ter un instrumento político netamente soberano, sen dependencias de forzas políticas estatais e que actúe na defensa dos dereitos políticos da nosa nación.

2. A batalla democrática das ideas. Ideas e discurso público

a. Un discurso claro e actualizado



A defensa das ideas é básica para que un proxecto político poida avanzar na sociedade. É obvio que se as ideas non se defenden é imposible facelas progresar e conseguir transformar o país.

Debemos asumir que a estratexia deseñada e desenvolvida en torno á explicación social das vantaxes da soberanía para a Galiza non deu os froitos agardados. De feito, en moitas ocasións facemos un debate

abstracto e doutrinario que non consegue conectar nin facernos entender. Unha das tarefas prioritarias desta nova etapa debe ser pór máis énfase na demostración empírica de como a dependencia política e o espolio dos nosos recursos lastran o o benestar, os servizos públicos e os dereitos sociais, a creación de emprego digno ou un desenvolvemento económico e sustentábel na Galiza. Temos moitos exemplos que constatan esta realidade como é o espolio enerxético, a emigración do aforro, a emigración xuvenil, a precariedade, a pobreza laboral, os millóns de euros que o estado recada a través dun sistema fiscal inxusto que non reverten no país, unha planificación das nosas infraestruturas que non responde as necesidades internas, senón á unha concepción centralista.

Coa intención de mellorar a explicación social do noso ideario, constituirase unha comisión específica que, no prazo de tres meses, elaborará un informe que sintetizará estas cuestións e deseñarase unha estratexia de difusión desta información e incorporación no discurso do conxunto da organización, portavocías públicas e das e dos cargos institucionais.

Ademais debemos afondar nas nosas posicións sobre asuntos de actualidade (como o debate sobre o Euro, TTIP, política internacional, dereitos dos animais) e profundar sobre debates de tipo social que teñen moito interese en diferentes capas sociais (eutanasia, legalización de drogas, renda básica, modelo tributario, laicidade, insostibilidade do actual modelo de consumo, desastre ecolóxico etc.).

b. Xerar empatía social

Debemos desenvolver unha estratexia de positivación do nacionalismo sobre a base de desmontar tópicos e prexuízos existentes, xerar empatía e fuxir de formas de comunicación que puideren ser percibidas como dogmáticas. Debemos contribuír a configuración dun novo espazo simbólico e político para o nacionalismo con acción claras e contundentes nas formas e no fondo. Será un novo espazo que recolla os aspectos positivos do noso pasado e que actualice e vivifique o noso ideario. Así desenvolvemos actuacións que persigan:

1. Instaurar un novo modelo de campañas políticas e electorais que expresen en chave afirmativa e propositiva, mesmo empregando o recurso ao humor e á retransca, coa necesaria firmeza mais tamén con clareza e pedagogía, as nosas posicións e alternativas.
2. Dotar de maior pluralidade nos discursos e nas persoas que os emiten, incorporando con maior precisión e clareza as nosas propostas aos problemas sociais aos que facemos fronte diariamente. Nesta liña cómpre renovar as nosas alocucións e incorporar valores que levamos décadas defendendo, mais que foron perdendo espazo no noso discurso como poden ser a denuncia da precariedade, o ecoloxismo, o feminismo, a denuncia da pobreza ou a crítica á unión Europea e as súas consecuencias para a Galiza e a clase traballadora.
3. Exercer a autoestima colectiva polo BNG, pondo énfase na valorización da nosa historia, das contribucións na defensa da Galiza e na construción dunha alternativa xenuína para o país.
4. Ampliar o “temario” de asuntos sobre os que emitimos opinión, ampliando o foco e non reducindo as nosas intervencións públicas a falar de cuestións relativas á Galiza.
5. Responder con intelixencia ante os ataques que se produciren contra a organización doutras formacións políticas ou dos seus cargos, sexa cal for a súa orixe.
6. Crear un discurso disidente e clarificador, sen medos, con propostas e sempre positivo. Chegar a xente comunicativamente para gañar a súa conciencia, sempre desde a humildade de ser a súa voz, incorporando argumentos achegados nos procesos de participación. A linguaxe que se empregue debe ser adaptada de xeito flexíbel en función do suxeito e colectivos a que nos

dirixamos.

7. Construír desde acción social modelos útiles que axuden no cotío a mellorar a dignidade e as condicións de vida das persoas. É precisa unha organización capaz de artellar, participar na construción de un outro modelo de sociedade demostrando que é posíbel propiciar iniciativas sen contar con os resortes do sistema e das institucións, para garantir a existencia da organización mais alá dos procesos electorais.
8. Defender a solidariedade e o internacionalismo como dous principios chaves do nacionalismo. Incrementar a nosa visibilidade neste ámbito.
9. Pór en valor socialmente a democracia interna e o assemblearismo, como símbolo da democracia real participativa que practica o BNG e defende como modelo social.
10. Afondar na defensa de principios como a identidade propia desde unha posición diversa e aberta, vincular a defensa do nacionalismo coa liberdade e defender a pluralidade –de identidades– como un valor democrático esencial.
11. Afinar en maior medida a análise sobre a situación e as perspectivas de futuro da lingua galega e emitir un discurso inclusivo. Nesta liña darémoslle prioridade á posta en valor de posuír un idioma propio, buscaremos xerar simpatías, defender a lusofonía como elemento de prestixio do galego e porta ao mundo, e aproveitar o noso peso institucional nomeadamente local para impulsar actuacións favorábeis á normalización da lingua galega e converter este aspecto unha peza chave da nosa actuación. Trátase de practicar un activismo lingüístico, cun discurso e cunha práctica orientada ás persoas neofalantes, mais tamén ás españolfalantes que teñen simpatías cara ao galego e que defenden a súa preservación.
12. Empregar unha linguaxe rigorosa e estritamente científica nas nosas comunicacións e actuacións, tanto no plano terminolóxico, evitando os clixés e os conceptos baleiros que se usan unicamente por moda, como nos feitos, xeneralizando o uso de posicións e argumentacións baseadas en datos e adoptando posturas abaladas por investigacións científicas.

3. Ampliar a introdución social do nacionalismo

O traballo social é un dos eixos fundamentais da nosa actividade política. Este labor debe vincularse á recuperación da iniciativa política e a crear unha axenda propia que determine debates en clave galega, sobre a propia situación da Galiza e as alternativas desde o concreto.

O BNG entende o activismo social como a prioridade da nosa actuación e un elemento chave para organizar o pobo, crear conciencia e defender os intereses das

clases populares.

Unha parte da contestación social canalízase agora de novas formas. A desesperanza existente con respecto á contestación só mediante mobilizacións e a redución do peso da intervención pública e as prestacións sociais levan a que haxa segmentos da poboación que se autoorganizan para dar unha resposta ao sistema e aos recortes. As cooperativas de traballo e consumo, os centros sociais, os bancos de alimentos, a loitas antidesafuzamentos, as escolas de ensino en galego, ensaian outras formas de acción en que está presente a protección da xente e dos seus mínimo vitais, a oferta de asesoramento e defensa legal usando as fendas do sistema ou a autoxestión. O BNG debe incorporarse a estas novas formas de organización social e achegar iniciativas normativas (como, por exemplo, a problemática dos falsos autónomos, garantía habitacional...), apoio institucional e traballo social nestes ámbitos.

Esta aposta implica definir ben os obxectivos e os métodos para evitar unha hipermobilización que non teña incidencia real e que provoque cansazo, fatiga ou desmoralización. Nesta liña:

- Prestaremos máis importancia ao labor de intervención social, ás iniciativas políticas na sociedade que deberan ser debatidas e impulsadas desde o ámbito nacional, até as asembleas locais.
- Promoveremos iniciativas sociais e espazos de participación política non partidarias que organicen sectores sociais ou traballen especificamente en ámbitos como o precariado, desemprego, emigración, vivenda digna, inmigración, pobreza enerxética, feminismo, ecoloxismo etc. O BNG debe incorporarse a estas novas formas de organización social e achegar iniciativas normativas, apoio institucional e traballo social nestes ámbitos.
- Estabeleceranse obxectivos concretos por comarcas e localidades que permitan crear e espallar locais sociais, tal e como acordamos na anterior asemblea nacional.
- Asumiremos como un obxectivo colectivo ampliar a base social e os colectivos cos que temos un diálogo e contacto fluído.
- Debemos de participar nos movementos sociais cunha vocación de contribuír, con capacidade de escoita e de traballo conxunto, colaborativo -mais nunca suplantarse- e favorecer un bo clima en que todas as persoas se sintan integradas e que a súa opinión conta.
- Impulsaremos fórmulas estábeis de coordinación do conxunto do movemento nacionalista en todos os campos nos que actúa: sindical, agrario, estudantil, cultural, etc., tendo como finalidade o apoio recíproco e a elaboración de estratexias partilladas e respostas comúns a situacións concretas que se presenten.

Recuperar a mocidade

As mudanzas acontecidas no conxunto da sociedade nos últimos anos son aínda máis acusadas na situación da mocidade. A actual crise económica, en que a xente moza viviu boa parte da súa vida, concede unha perspectiva moi complexa para o seu futuro. Asistimos a unha situación de falta de oportunidades para o emprego, ao se ver condenada a tres situacións: o desemprego, a precariedade laboral ou a emigración.

Ante esta perspectiva, as condicións obxectivas para que a mocidade sexa un actor para a transformación son evidentes. Mais hai que ser conscientes que as condicións subxectivas son moi difusas. O tradicional modelo de militancia é alleo á mocidade, moi lonxe das interpretacións clásicas de transformación social. Non quere isto dicir que toda a mocidade estea desmobilizada ou sexa apática, senón que unha parte importante ten comportamentos políticos diferentes.

A difusión da ideoloxía dominante a través das canles dixitais e da televisión (ferramenta hexemónica na sociedade) é o principal xeito de toma e creación de opinión por parte da mocidade. Así, as alternativas políticas potenciadas por estes medios en mans de grandes corporacións e que teiman en reproducir a falsa dicotomía entre vello e novo, teñen gañado gran espazo entre a mocidade que, aínda así, non é allea a outros debates ideolóxicos como o da esquerda-dereita (si o é ao Galiza-España, que se entende fóra da súa realidade). O gran reto do nacionalismo é ligar o concepto transformador da esquerda, da xustiza social e do futuro digno coa idea de gobernarmos sobre os nosos asuntos, de acadar soberanía para realizar políticas que melloren as condicións materiais de vida da mocidade para que o nacionalismo sexa percibido como unha opción de modernidade fronte ao sistema político e económico caduco..



Esta realidade non debe levarnos a pensar que existe un forte sentimento anti-nacionalista ou españolista entre as xeracións máis novas. Cando menos, esta situación non é peor na mocidade que noutros segmentos de idade. Non debemos

confundir a súa posición en relación ao nacionalismo e a Galiza con elementos identitarios que no imaxinario nacionalista son básicos, como o uso da lingua. É un feito que a mocidade é receptiva á mellora das condicións materiais de galegos e galegas, mais nunha orde de importancia moito menor á da idea inicial de cambio.

Neste sentido, é fundamental ser quen de introducir o nacionalismo como axente dese proceso de cambio se quixermos recuperar as nosas posicións tradicionais na mocidade. Se nos anos 90 eramos quen de asumir esa posición non era por unha mocidade máis nacionalista que na actualidade, senón porque nos situamos nesa posición de transformación. Para isto debemos comezar pos nos dirixir a ela e comprender as súas problemáticas. A maior parte da mocidade concéntrase en áreas urbanas, máis dun 33% da poboación activa menor de 30 anos atópase no desemprego (58.700 persoas) e, da poboación ocupada, a maior parte concéntrase no sector servizos (o 75% do total, unhas 89.000 persoas) que, dentro do mesmo, é maioritaria na restauración e vendas. Este sector destácase pola súa precariedade e polos seus baixos salarios. O nacionalismo debe realizar un traballo específico na mocidade tendo en contra estas variábeis e dirixíndonos especificamente a ela, interpelándoa e promovendo referentes políticos que se recoñezan nestas problemáticas. Incorporando isto tamén ao discurso habitual da organización, as veces demasiado centrado nuns sectores históricos que deben ser defendidos mais que non son os únicos nin os maioritarios da mocidade galega.

Por outra banda, a debilidade da posición nacionalista nos movementos sociais ligados á mocidade (estudiantil, deportivo, novas expresións culturais e contracultura...) durante os últimos anos supón un problema evidente para o contacto directo con xente que potencialmente pode estar na nosa órbita. Moitas veces non se trata de animadversión, senón de descoñecemento. Esta situación vese agravada pola dificultade do nacionalismo para obter ningún altofalante do sistema e aparecer nos medios de comunicación de masas (que sexamos unha opción política incómoda ten estas consecuencias, non temos que laiarnos desta situación, senón combatela).

Ao mesmo tempo, a división dos referentes xuvenís nos últimos anos non foi revertida, diante do que o BNG reitera a idea da utilidade e necesidade da unidade do nacionalismo e a súa predisposición a cumprir nese ámbito e xerar unha dinámica que permita superar a situación actual.

Dada esta realidade, o BNG debe levar a cabo diversas medidas para reverter a súa posición na mocidade.

1. Incrementar a presenza pública de referentes xuvenís no discurso do BNG. Ademais, o seu discurso, accións e mobilizacións deben tamén impregnar o discurso, accións e mobilizacións do BNG. Ninguén mellor que a propia mocidade para dirixirse, nun pé de igualdade, á mocidade.
2. Levar a cabo mudanzas no discurso que conecten cunha mocidade que nos ve como un elemento alleo á súa realidade ao nos centrarmos en ámbitos que conectan insuficientemente cunha mocidade que na súa maioría nin ten emprego. Para isto é preciso ter unha contestación máis contundente e rebelde sobre as problemáticas que está a padecer a xente nova.
3. Resintonizar entre a mocidade e incluír unha estratexia política propia e transversal canto á xente nova, levando a cabo as accións precisas para gañar espazos mozos e coordinando as súas actuacións-coa mocidade do BNG e co movemento xuvenil e estudantil nacionalista.
4. Sermos quen de atraer cara ao idioma galego á mocidade que habitualmente non o usa, sendo conscientes da súa actual instalación no español e promovendo medios flexíbeis que permitan a empatía.
5. Levar a cabo mudanzas organizativas tendo en conta as súas circunstancias vitais para que a mocidade participe de xeito activo na organización. Cómpre normalizar a participación de mozas e mozos en todos os niveis, en todos os organismos e tamén nas candidaturas de tal maneira que non se conciba a súa presenza coma unha cota senón ao mesmo nivel que o resto de compañeiros e compañeiras.
6. Ser a mocidade parte activa da toma de decisións e non pode funcionar como un departamento estanco. Debe, ademais, elaborar e empregar mensaxes e códigos propios.
7. Comprometerse a contribuír positivamente na unidade de acción xuvenil desde o respecto á autoorganización da mocidade.

4. O BNG diante das eleccións galegas de 2016. Fórmula de concorrencia

a) Preámbulo

No actual ano 2016 van ter lugar eleccións ao Parlamento da Galiza. Como vimos de analizar, esta nova cita electoral prodúcese nun momento político diferente, en que parece claro tanto o fin de ciclo do Partido Popular, como unha vontade de cambio de amplos sectores do noso pobo. A esta dinámica contribuíu o BNG co seu traballo político, social e institucional, con independencia do feito de asumir un resultado negativo nas pasadas xerais. Debemos definir a nosa estratexia electoral sobre a base de o BNG ter sido un factor decisivo da política galega, e apostarmos por ofrecer ao

pobo galego unha alternativa política nacionalista e de esquerda que sexa determinante no novo escenario político.

Nese sentido, á hora de definirmos a fórmula de concorrencia nas vindeiras eleccións ao Parlamento da Galiza é importante avaliar tanto as circunstancias concretas en que estas eleccións se van producir como o alcance estratéxico para o nacionalismo desa decisión.



Do punto de vista estratéxico, o nacionalismo galego sempre entendeu que para impulsar o proceso de autodeterminación é necesaria a autoorganización, que o pobo galego se dote de forzas políticas e organizacións sociais propias, non supeditadas a estratexias estatais. Por iso, un proxecto político como o do BNG, que aspira a transformar a Galiza de raíz a favor da soberanía e a xustiza social, precisa actuar na

sociedade en todos os campos, tamén no electoral. A presenza electoral dunha alternativa nacionalista e de esquerdas, diferenciada, por expresar un proxecto cualitativamente distinto a calquera outro dos existentes na sociedade é unha necesidade para incidir desde o campo institucional na realidade. Esa presenza é, ademais, a visualización e referencia política da nación galega consciente no plano político-electoral.

Polo que atinxe á valoración das circunstancias presentes é evidente que é máis necesario apostar pola acumulación de forzas para ter capacidade de incidencia real no novo contexto político. Porén, calquera proposta de confluencia que tiver como obxectivo reforzar o proxecto nacionalista debe, a parte do devandito, partir da avaliación previa das súas posibilidades de verificación. Caso contrario, aínda sen o pretendemos, estaríamos contribuíndo a xerar confusión e frustración e a aparecer como subordinadas e subordinados á vontade doutras forzas políticas, renunciando á nosa propia iniciativa política.

No proceso das eleccións xerais o BNG, recollendo a demanda realizada por diferentes sectores sociais, promoveu e participou dunha candidatura galega sen dependencias de ningunha forza estatal. Isto é, apostamos por unha candidatura sen siglas, que tivese personalidade xurídica propia e dependencia netamente galega.

Esta fórmula non foi aceptada en ningún momento polas forzas políticas que integran o espazo denominado En Marea, que non tiñan disposición real a unha candidatura galega sen dependencias da direccións das forzas estatais.

De feito, con posterioridade fíxose pública a existencia de acordos políticos entre as cúpulas de Anova, IU e Podemos asinados no mes de maio, e que tamén definían os seus acordos para as eleccións galegas. Esta experiencia puxo de manifesto que non había vontade por parte destas forzas políticas de favorecer este proceso. A renuncia dos deputados e das deputadas de En Marea a se expresaren no Congreso como unha representación propia e soberana galega, integrándose no Grupo Parlamentar de Podemos, é máis unha evidencia de que é un espazo hexemonizado por unha forza política de obediencia estatal.

O BNG entende que as alianzas de IU, Podemos e Anova son lexítimas e respectábeis, mais desde a constatación de que encarnan un proxecto diferente, temos a responsabilidade de formular unha proposta propia, aberta e inclusiva, en chave netamente galega, para as vindeiras eleccións autonómicas.

Un cambio de Goberno na Xunta de Galiza só será posíbel desde a disposición ao acordo tras as eleccións dunha pluralidade de forzas políticas e non desde o intento de establecer un novo bipartidismo. Nese contexto, o nacionalismo galego debe enfrontar as vindeiras eleccións galegas co obxectivo claro de ter unha presenza significativa que contribúa á derrota do PP e a que un cambio de goberno se traduza nun cambio real de políticas, desde a vontade de diálogo e acordos postelectorais sobre ideas e propostas coas restantes forzas políticas.

b) Proposta de Resolución

- 1. O BNG comprométese a impulsar un proceso dirixido a todas as persoas e colectivos organizados que se sintan nacionalistas, soberanistas, independentistas, galeguistas ou simplemente galegas e galegos que compartan a necesidade dun instrumento político netamente galego que actúe na defensa de Galiza como nación e das súas maiorías sociais, cara a conformación dunha ampla candidatura nacionalista nas vindeiras eleccións autonómicas.**
- 2. Así mesmo, o BNG manifesta a súa disposición a estudar, de se produciren, as propostas que nos trasladen outras forzas políticas para a conformación dunha ampla candidatura de orientación nacionalista.**
- 3. O BNG manifesta a súa disposición ao diálogo co resto das forzas políticas para facer posíbeis acordos postelectorais que posibiliten un cambio de goberno e a aplicación dun programa transformador que abra unha nova**

etapa no noso país. Os acordos postelectorais someteranse ao referendo do conxunto da militancia do BNG.

5. Acción institucional

Activismo social e novos hábitos



O BNG defendeu a presenza nas institucións como un medio para transformar a realidade e non como un fin en si mesmo, conscientes das limitacións do marco actual. Estes límites son cada vez maiores, froito das imposicións da UE e da recentralización de competencias que se leva feito no Estado español. Para alén disto, resulta clara a perda de crédito das institucións, a profunda crise de lexitimidade, que condiciona a nosa actuación e as

actitudes ante estas.

Neste contexto político e social á hora de afinar mellor a nosa estratexia nas diferentes institucións debemos:

- Fuxir das rutinas ou dos hábitos adquiridos
- Desenvolver políticas activas e dinámicas para mellorar a realidade exercendo a soberanía das institucións en que gobernamos, e aplicando activamente desde elas as políticas e propostas que desde o BNG defendemos no ámbito dos servizos públicos, das condicións laborais das traballadoras e dos traballadores, da posta en valor do galego, do ecoloxismo, do feminismo, da xustiza social, etc
- Darlle prioridade a unha actitude que conecte cun cambio de percepcións sobre o rol e o papel dos cargos públicos e as institucións. Utilizar como caixa de resonancia das loitas sociais. A rebeldía do noso traballo social debe ser transmitida no traballo institucional.
- Actuar coherentemente, tamén desde as institucións, na nosa relación coa Igrexa, o Exército Español ou a Monarquía, en consecuencia coas nosas conviccións laicas, anti-militaristas e republicanas. Evitarase por tanto colaborar ou favorecer estas institucións en virtude dun suposto “respecto institucional” co que non debemos estar comprometidos

- Ter, o conxunto da organización e as persoas que foren electas para representar o pobo neses ámbitos, como traballo principal o social, vinculando o traballo institucional a este.
- Alén da debida coordinación, a labor institucional supeditarase á labor nacionalista en calquera dos seus eidos. Así, as campañas, iniciativas ou conflitos sociais apoiados polo BNG serán reforzados por cargos públicos da organización.
- Dar prioridade ao traballo social por parte das e dos nosos representantes institucionais. Cómpre evitar estarmos absorbidos polo traballo institucional, buscando que as nosas e os nosos representantes teñan un maior contacto directo co resto da sociedade
- Elaborar unha listaxe de medidas comúns para levar a cabo nos concellos galegos onde gobernamos, co fin de exemplificar e permitir unha identificación clara da política nacionalista no ámbito municipal.
- As persoas con cargos institucionais realizarán reunións periódicas coa base sectorial daquelas áreas que lles correspondan co obxectivo de establecer a necesaria interrelación social: difundir as medidas levadas a cabo polo BNG e conectar estas últimas coa nosa base social.
- Apostar en formatos de intervención electoral e institucional de carácter máis coral e colectivos, tanto nas campañas como na acción de goberno ou oposición, favorecendo a identificación da poboación co proxecto político.

Parlamentos ao servizo do pobo

Nesta lexislatura agudizouse a opacidade e secuestro do Parlamento da Galiza, con recortes da democracia e o intento de anular o seu papel na vida política galega. Neste escenario desenvolvemos o traballo con rigor, cunha intensa actividade que situou o BNG como o grupo con maior iniciativa e posición ante os grandes temas. Innovamos na súa actuación abrindo o parlamento ao pobo e evitando a anulación política do BNG. Porén, é preciso matizar que non aproveitamos todo o potencial, e existen deficiencias no nivel de actuación social e na integración do traballo parlamentar e a organización. Velaquí un aspecto para corrixirmos no inmediato, así como a socialización e o balance do traballo feito.

No relativo ao Parlamento Europeo, traballamos con eficacia e con recoñecemento social na liña de ser a voz da Galiza en Bruxelas. Mais para alén de continuarmos nesta dirección, cómpre aproveitar mellor este espazo para criticar aspectos máis globais en relación coa globalización e a unión Europea. Por exemplo, o papel do Banco Central Europeo, O TTIP, o funcionamento antidemocrático da UE etc. Tendo

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG | autoorganización, autogoberno, autodeterminación

en conta que en 2018 teremos o escano oficialmente, cómpre darlle moito valor a esa situación percorrendo o ano antes o país para recoller propostas como se vén facendo xa nesta lexislatura, como un pulo de afouteza para o BNG para transmitir propostas e defender o país en todos os eidos

No referido ao Parlamento estatal, o BNG debe manter opinión e tomar posición sobre todas as cuestións de actualidade que pasen neste ámbito. Carecemos temporalmente de representación, mais non de forza de organización e mobilización popular. Esta situación non implica a desaparición nin a diminución das nosas obrigas e compromisos na defensa do noso pobo. O ámbito estatal continúa a ser un espazo de confrontación política construído desde a nosa propia mobilización, o que ademais encaixa coa necesidade de reforzar o traballo social.

Neste sentido, debemos manter unha liña de actuación tripla: por unha parte, debemos exixir a recuperación de todas as conquistas sociais e os dereitos eliminados durante os últimos anos, en particular por medio da derogación das normativas laborais, educativas, represivas, municipais..., e tamén a reversión inmediata de todas as medidas de recentralización que acompañaron cada unha destas medidas. Mais tamén debemos



manter unha postura á ofensiva e activa, orientada á tensión e ao enfrontamento co Estado e as políticas do goberno, sempre en favor dun modelo económico ao servizo das maiorías, da redución da xornada laboral e a valorización dos salarios e pensións, da universalidade e gratuidade dos servizos públicos, da fiscalidade ao servizo das clases populares, en defensa dos nosos sectores económicos máis agredidos ou da soberanía enerxética, entre outros asuntos. En último lugar, e dada a correlación de forzas e os compromisos do Estado español coa Unión Europea, teremos que continuar a nos opoñer a todas as medidas antipopulares que continuarán con calquera goberno, aínda que tomen novas formas. A UE determina as grandes liñas macroeconómicas e as decisións fundamentais no ámbito orzamentario, fiscal, laboral ou financeiro, entre outros. Neste sentido, rexeitaremos todos os recortes que xa se deixan ver, toda implicación do Estado español en agresións imperialistas, calquera nova privatización e, fundamentalmente, o pagamento dunha débeda inxusta, ilexítima e que hipoteca calquera posibilidade de desenvolver unha política

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG | autoorganización, autogoberno, autodeterminación
alternativa.

Concellos que constrúen país



O BNG demostrou capacidade de ser oposición e de gobernar a nivel municipal, impulsando actuacións e modelos de concello que son referencia non só para a Galiza, senón tamén no resto do Estado. Esta afirmación non impide que analicemos as debilidades que urxe corrixir e impulsemos novas actuacións, coa finalidade de facer na nosa actuación a nivel municipal (tanto nos gobernos como na oposición) un dos elementos de

recuperación do nacionalismo. Para ese traballo é fundamental a participación do conxunto da militancia no deseño das políticas municipais. As liñas nacionais marcaranse a través de procesos colectivos e posta en común dos debates das asembleas locais. As asembleas locais definirán as posicións da organización nas institucións con base nestas liñas e marcarán as pautas de actuación política dos grupos municipais na oposición e no goberno. Cómpre facer unha análise crítica da participación do BNG nos cogobernos con outras forzas políticas para tirar ensinanzas no novo escenario político.

Neste sentido, propomos as seguintes medidas na liña de artellar unha política municipal común e coordinada cun seguimento, colaboración e asesoría da Comisión Nacional Municipal, que establecerá reunións periódicas e xornadas formativas:

- Pór en cuestión o marco da austeridade e os recortes de dereitos democráticos e sociais, cunha axenda propia.
- Reforzar o perfil político do BNG no traballo municipal e unha actuación institucional acorde co actual contexto social e político.
- Realizar un encontro anual de concellos que sexa un espazo de diálogo e posta en común das diversas iniciativas e sirva para impulsar políticas en común.
- Reforzar a Rede de Concellos Nacionalistas como entidade de coordinación municipal en chave galega.
- Reforzar o apoio ás concelleiras en temas sectoriais, organizando actividades formativas con especialistas en diferentes ámbitos que permitan dotar ás

nosas accións dunha maior rigorosidade.

- Crear un banco de boas prácticas e políticas municipais de éxito, de forma que complemente e concrete o programa político do BNG. Incluirá datos obxectivos referidos ao desenvolvemento da política en cuestión (que é, que potencialidades ten, que problemas resolve, que financiamento necesita...) e tamén unha reflexión política sobre a súa posta en marcha (que dificultades obxectivas e resistencias tivo, como se defendeu e se publicitou, resultados da súa posta en marcha...).
- Estabelecer grupos de traballo cun calendario de actuación que permitan desenvolver propostas concretas para avanzar na posta en marcha e defensa de medidas no ámbito da democracia participativa, orzamentos participativos, apoio á nosa lingua e restitución da súa presenza pública, apoio a unha rede da cultura galega, novos modelos urbanos, urbanismo sustentábel....
- Facer bandeira, nos concellos e deputacións onde gobernamos, da loita contra os recortes, facendo sinal de identidade das políticas sociais innovadoras para frear a exclusión e a pobreza. Asemade, apostar por políticas de volta á titularidade pública de servizos e áreas privatizadas.
- Desenvolver, nos concellos onde quedamos sen representación, nomeadamente nas cidades de Vigo e Ourense, unha estratexia específica para trasladar socialmente propostas e posicións políticas a respecto da vida municipal.
- Promover iniciativas presentadas en conxunto polos grupos municipais en chave comarcal e visibilizar, así a bisbarra como entidade supramunicipal de referencia.
- Manter unha comunicación fluída e constante entre os cargos políticos do BNG nos diferentes concellos coa militancia local para que esta poida ter información sobre todos os temas que se están a debater nos concello e así poder estallar a nosa posición entre a cidadanía, nos centros de traballo, lugares de ocio, seo familiar...

No relativo ás deputacións, e desde a reivindicación de traballarmos polo seu progresivo adelgazamento coa súa desaparición como obxectivo final, urxe afondar nun debate colectivo que fixe unha estratexia nacional de traballo a seguir desde estas institucións. Para iso articularanse diferentes niveis de debate e de comunicación. Por un lado, crearase unha canle de diálogo entre as catro deputacións para garantir a coherencia da liña política e das actuacións que se desenvolvan. Por outra parte, realizaranse encontros periódicos (de carácter xeral ou sectorial) coas comarcas e localidades de cada unha das institucións, para debater e dar a coñecer tanto os programas e accións de goberno como o traballo realizado desde a oposición. Este traballo será planificado desde os órganos nacionais, que

periodicamente recibirán información a este respecto para tomaren as decisións oportunas.

III. TESE DE ORGANIZACIÓN

1. Militancia e participación na sociedade actual

Esta Asemblea Nacional ten que ser o punto de partida dun proceso de reflexión máis fondo sobre o modelo organizativo en que se debe concretar o proxecto político do nacionalismo para as vindeiras décadas, mais hai cambios que non poden agardar. É preciso tomar medidas inmediatas en todos os ámbitos da organización para dotármonos xa dunha estrutura organizativa renovada, máis sinxela, áxil e operativa, menos burocratizada e máis participativa e transparente.



O comportamento actual dunha gran parte da sociedade, mesmo interesada en participar de xeito directo da vida política e dos movementos sociais, está marcada pola desafección política, as mudanzas aceleradas e a necesidade de procurar saídas rápidas a un contexto de aguda crise económica e social. Fronte a unha interpretación da militancia baseada nun compromiso constante, que se estende no

tempo e se sitúa como elemento transversal sobre o que xiran todas as actuacións e decisión do día a día, existe na actualidade unha relación moito máis difusa e cambiante, con exigencias diferentes que conviven, mesmo contraditoriamente, en cada unha das persoas que se achegan ás causas políticas e sociais. Neste contexto, é evidente que as exigencias da militancia política dificultan a participación de amplos sectores da poboación, que valoran máis unha participación máis laxa e difusa, con tendencia a se fragmentar en diversas causas, illadas dun proxecto de transformación global, e a se desenvolver de forma intermitente, episódica, e a partir de calendarios prefixados desde instancias externas. Nós temos que analizar e valorar esta tendencia real, mais en ningún caso aceptala como natural e beneficiosa para un movemento como o que representa o nacionalismo galego. Neste sentido, debemos dotarnos de toda a flexibilidade que sexa precisa para favorecer a participación directa, mais simultaneamente promover asumir responsabilidades, a capacitación

política das e dos militantes, a súa experiencia en movementos sociais, etc... Como organización soberanista e de esquerdas que actúa a contracorrente de todos os poderes, non podemos pensar que non continuamos a precisar de millares de militantes cun elevadísimo grao de activismo, con coherencia ideolóxica e comprometidos persoalmente coa organización, capaces de reforzar a unión entre táctica e estratexia, entre o activismo e a crítica social e a política. Calquera acordo ficará no papel sen mulleres e homes capaces de o levaren á práctica. Nestas circunstancias, a defensa do assemblearismo que sempre practicou o BNG debe ser unha constante. Na súa posta en valor temos que camiñar pola súa interpretación máis aberta e dinámica, con posibilidade de incorporar as persoas das proximidades, que deben partillar tanto as reflexións e o traballo cotián como a toma de decisións. É por iso que o noso esforzo debe ir encamiñado a:

- reforzar e pór en valor o funcionamento assembleario e participativo do BNG
- diversificar as maneiras e os graos de implicación da militancia e base simpatizante
- procurar alianzas colaboradoras nos sectores máis achegados
- dotar de certa estabilidade, mais tamén de autonomía, este compromiso



2. Estrutura territorial

A realidade social, demográfica, territorial e organizativa debe ser avaliada para levar a cabo as necesarias actualizacións dos nosos órganos territoriais. A nosa organización conta a día de hoxe cunha estrutura de fortaleza desigual e distribuída ao longo do territorio que cómpre optimizar. É imprescindible revisala para tirar dela o maior aproveitamento posíbel

e adaptala ás necesidades e obxectivos que fixemos colectivamente. Neste sentido, propoñemos:

- reorganizar o esqueleto organizativo,
- revisar a estrutura territorial,
- introducir criterios de maior flexibilidade para adaptar a estrutura organizativa ás necesidades, eliminando duplicidades nos órganos e crear, se for necesario, marcos máis amplos ou reducidos desde os que acometer o reforzo orgánico que precisaremos nesta nova etapa.

Dos organismos locais e comarcais

As asembleas locais constitúen o espazo inmediato de referencia para a base militante, polo que é fundamental reactivalas e dotalas de actividade práctica que envolva a militancia e permita tecer redes de activistas que están en contacto e van dirixindo a liña estratéxica da organización a nivel local. Naqueles lugares en que sexa factíbel e, de maneira moi especial, nas cidades por mor da debilidade organizativa que temos nelas, primaremos as asembleas locais sobre os consellos locais. Os obxectivos desta aposta radican nunha maior implicación directa na toma de decisións diarias e nun intento por integrar o traballo municipal e aquel que realizamos como BNG que ás veces circula por vías paralelas cando non é o primeiro o que ocupa todas as nosas enerxías. Nesa mesma dirección, eliminarase do noso organigrama a figura das executivas locais por entendelas non adaptadas á realidade actual da organización.

Mellora do funcionamento e novos métodos de traballo.

Cómpre que cada reunión sexa unha pequena peza de construción do proxecto colectivo. Para iso temos que:

- Traballar por conseguir encontros máis lixeiros e esforzarnos por que sexan os necesarios e que sexan percibidos como útiles por quen participa deles.
- Ter ordes do día coñecidas, que se poidan traballar de forma individual e previa para despois colectivizar as ideas.
- Avanzar no aproveitamento das novas tecnoloxías e as formas de traballo non estritamente presenciais, atendendo sempre á fenda dixital e a militancia e colectivos que poida afectar.
- Contar con previsións de duracións, resumos dos acordos, envío de información electrónica, chamadas para o importante, actividades que fomenten a convivencia, o coñecemento e a confianza entre a militancia que motivan e promoven un mellor funcionamento.
- Non supeditar a actividade política a citas electorais nin só a cuestións marcadas na axenda, polo que demos darlle continuidade ao traballo, reunións non rutineiras e vinculadas a proxectos e plans de traballo.
- Afondar, recoñecendo a utilidade da fórmula asemblearia, en complementos que reforcen o diálogo e que permitan que as asembleas sexan máis o momento de fixación de acordos previamente debatidos entre a militancia.
- Estabelecer, igualmente, mecanismos para que as asembleas sexan máis propositivas que referendarias e que teñan como obxectivo prioritario a procura de consensos.
- Informar á militancia dos acordos e debates producidos nos consellos locais e

comarcais

Debate da estratexia política en todos os espazos

Cómpre converter realmente as asembleas de base en foros de debate político sobre a actualidade, as liñas a trazar e as cuestións referidas á nosa actividade. Iso debe servir para trasladar temas, propostas e posicións do local ao comarcal e nacional, invertendo a tendencia de que a práctica totalidade dos debates políticos se tracen a petición ou proposta dos organismos nacionais.

Planificación do traballo social como eixo motor da actividade cotiá

Cómpre unha reflexión e mudanza profunda a respecto da organización real do traballo para conseguir que máis base militante estea activa nos ámbitos de traballo en que queremos centrarnos e que esta actividade estea coorganizada e socializada nos marcos asembleares. Para termos militancia activa é fundamental a implicación na execución dos acordos e na súa posta en práctica. É central a participación da militancia en colectivos sociais, culturais, asociativos e manter unha intensa ligazón con toda a problemática xerada ao redor de calquera tema que sexa obxecto de preocupación cidadá.

A participación das persoas simpatizantes na vida interna

Neste período, marcámonos como obxectivo camiñar cara a fórmulas de participación máis áxiles e abertas nas estruturas locais -por seren as máis inmediatas- e estendíbeis a marcos máis amplos. Neste sentido, cómpre potenciarmos as asembleas abertas facéndoas algo habitual na totalidade do territorio e non unha excepción. A vontade é convertelas no espazo habitual de participación e socialización non só da militancia, senón tamén de simpatizantes e activistas con que coincidimos noutros espazos. Para un correcto funcionamento das asembleas abertas, na liña de as dotar de estabilidade e de seren útiles para avanzarmos nunha maior integración e participación, definimos a seguinte liña de actuación que comarcas e localidades deberán ir acometendo progresivamente. Para isto, actualizaranse censos de simpatizantes de proximidade (fundamentalmente de carácter local), incluíndo aquelas persoas que con regularidade forman parte da nosa vida organizativa (participación en asembleas e actos, colaboración nas campañas, ...) e que deben:

- Recibir información regular do BNG.
- Ser convocados/as ás asembleas locais que se realizaren.
- Participar nos grupos de traballo que derivaren de organismos locais.

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG | autoorganización, autogoberno, autodeterminación

- Ser escoitados/as polos organismos de dirección local ou comarcal.
- Asistir a actividades e xuntanzas de carácter comarcal ou nacional para temas ou cuestións de carácter específico.
- Tomar parte nas decisións de ámbito local agás incompatibilidades estatutarias.



Co obxecto de debater temas de singular transcendencia social, realizaranse asembleas abertas ao conxunto da poboación dunha localidade ou comarca. Estas, aínda que de carácter máis puntual, non poden constituír excepcións illadas na práctica da nosa organización e deben ir precedidas dunha importante publicidade previa (soportes dixitais da organización, cartelaría -mínimo- no lugar de encontro, envío de convocatoria por

correo electrónico á base de datos de simpatizantes). Fíxase, xa que logo, a obrigatoriedade de realizar unha asemblea aberta, como mínimo, cada catro meses.

É fundamental, ademais, repensar os espazos de socialización da nosa actividade política para alén dos da propia organización, especialmente os de encontro coa base simpatizante. Neste sentido, cómpre avaliar e forma local e comarcal o papel dos locais do BNG, fuxindo do modelo oficina e transformándoos en locais que xeren un modelo máis integrador e activo socialmente, non só como espazos de traballo. Os locais do BNG deben ademais ser espazos referencias nos que as veciñas e veciños podan canalizar diferentes denuncias e demandas prestando o asesoramento e apoio da organización

Tecendo redes de comarcas: unha estrutura flexíbel

No plano comarcal cómpre prestar atención ás dificultades de encontros físicos para realizar asembleas comarcais por causa da dispersión territorial. É necesario termos reunións e encontros presenciais polo que, se proceder, poderemos artellar subcomarcas que posibiliten a relación entre localidades próximas cando sexa máis áxil para a coordinación do traballo político.

Para a concreción das adaptacións necesarias no plano local e comarcal do país,

atendendo á adaptación á realidade e territorio, a nova dirección nacional elaborará, en coordinación coas estruturas comarcais, un novo mapa organizativo onde se recollan as adaptacións necesarias (supracomarcas, subcomarcas, agrupación ou separación de localidades, etc).

Posta en valor e mellora das tomas de decisión colectivas

Debemos pór en valor os procesos de decisión da nosa organización e a súa democracia interna incuestionábel. Aínda así, cómpre avaliar como mellorar estes procesos e afondar para que teñan un maior protagonismo as persoas integrantes do proxecto, tanto a militancia como o corpo de simpatizantes e abandonar métodos de traballo e toma de decisións que non permitan afondar no debate.

Desde esta perspectiva:

- Levaranse a cabo encontros nacionais ou plenarios que impliquen un proceso de debate que pode ser previo nas comarcas e/ou localidades, e que permita o coñecemento de posicións e a elaboración de conclusións sectoriais ou globais.
- Continuar con fórmulas como votacións simultáneas nas comarcas e explorar outro tipo de iniciativas que poidan socializar o espírito democrático da nosa organización, valorizándoo e traballando por sumar a base simpatizante.
- Utilizar as posibilidades tecnolóxicas, tendo en conta medidas de apoio para as situacións de fenda dixital e que a virtualidade non pode substituír o debate demorado e o contraste de opinións do asemblearismo.
- Mellorar a comunicación que se traslada ás comarcas e localidades. Como primeira medida, propomos elaborar un boletín electrónico de carácter interno, con colaboracións diversas e realizadas expresamente para un boletín que procurará clareza e inmediatez informativa, actualización constante e opinións.

O financiamento do traballo colectivo, tarefa de todas e todos

A ninguén se lle escapa a delicada situación económica que sofre boa parte da militancia e da nosa base social, así como o necesario que é dotármonos dunhas finanzas estábeis para facer traballo político. Unha consecuencia da situación económica xeral e da redución da nosa representatividade institucional é, sen lugar a dúbidas, o drástico adelgazamento dos nosos recursos materiais. Neste contexto, cómpre pór en valor o autofinanciamento da nosa organización, nomeadamente o esforzo da militancia, que coas súas cotas e doazóns é un pilar fundamental para a estabilidade do proxecto. É preciso tamén destacar o feito de termos sido capaces de non pedir ningún préstamo bancario e avanzar na redución da débeda de períodos

anteriores.

De cara ao futuro cómpre revisar periodicamente que temos e en que o investimos para aproveitar ao máximo os nosos recursos. En calquera caso, para continuarmos a avanzar na redución da débeda e en facer viábel o noso proxecto temos que subliñar as seguintes cuestións:

- A necesidade de dar cumprimento á Carta financeira da organización e a continuar no camiño da total transparencia económica e financeira.
- A aposta por novos métodos de financiamento (festas, venda de material, compartir espazos de traballo naqueles locais propiedade da organización, etc).
- A elaboración de plans locais e comarcais de redución de gasto e aproveitamento dos recursos.
- A colectivización da importancia das finanzas: explicacións periódicas na base militante dos gastos, clareza e comunicación continua nas finanzas da organización a todos os niveis (local, comarcal e nacional), difundindo informes periódicos de xestión e balances de ingresos e gastos.

Artellarmos o traballo sectorial: os grupos de traballo.



É un reto organizativo dotármonos de espazos en que artellar o traballo sectorial e superar eivas do pasado. Para corrixirmos estas eivas, propomos substituír as actuais comisións de traballo por grupos de colaboración e apoio formados tanto por persoas militantes do BNG interesadas ou expertas en cada materia como por persoas das proximidades con implicación no ámbito de que se tratar por razóns profesionais, asociativas, ou de

calquera outro interese de relevancia. A organización non só recibirá e porá en práctica estas achegas senón que as persoas responsábeis dos diferentes grupos de traballo (cuxa denominación, número e obxecto corresponderá fixar á nova dirección) serán referentes públicos da organización, quer por participaren en xuntanzas referidas ao tema de que se tratar como por comparecer ante os medios expresando as opinións e reflexións do BNG ao respecto. O Consello Nacional entrante propondrá por iniciativa propia ou a petición dun grupo de militantes a constitución de comisións

ou grupos de traballo. O número e organización destes grupos serán flexíbeis e revisábeis e terán coordinación coa área da Executiva que se determine.

Canto á organización do traballo feminista, é fundamental manter un espazo de diálogo, debate e colaboración en materia feminista. Sendo necesario superar as súas deficiencias e mellorar o modelo de que nos dotamos, manterase a Comisión Nacional de Acción Feminista e Identidades de Xénero e Liberdades Sexuais. Porén, cómpre artellar fórmulas para conseguir que sexa realmente transversal ao conxunto da organización e forme parte da planificación política global. A nosa sociedade precisa de referentes públicos femininos no ámbito da política, o BNG como motor de cambio desta sociedade será suxeito activo de transformación e visibilidade das mulleres, comprometéndose a incrementar as propostas en feminino para postos de relevancia dentro do organigrama da nosa formación pondo o acento nos diversos aspectos cualitativos da representatividade feminina, rexeitando actitudes reducionistas, simplistas e mecanicistas que limitan a participación política e organizativa das mulleres a unha mera cuestión numérica.

A comunicación e participación ten que cobrar especial importancia, co fin de coordinar a imaxe externa do BNG. Constituirase un grupo de traballo de comunicación e participación, no que se desenrolarán as estratexias en redes sociais (rede de tuiteiros, por ex.), argumentarios e estruturas de comunicación internas. Cómpre avanzar nas ferramentas dixitais co fin de combater a dispersión territorial, mais sen descoidar o traballo presencial. Este grupo de traballo estará en permanente contacto coa área de comunicación da Executiva Nacional e as persoas que integren o grupo de traballo de comunicación--que terá un carácter aberto á militancia-- deberán ter, cando menos algunhas delas, un perfil e coñecementos específicos --non necesariamente académicos-- na materia.



Desde este espazo de traballo asumirase o labor de deseñar un Plan de comunicación integral. Isto é, definir as mensaxes, os sectores sociais ou *targets* aos que se dirixirán de maneira específica e cales serán, polo tanto, as mellores canles e formatos de difusión das mesmas. Aliás, desenvolverá unha estratexia específica para as redes

sociais tendo en conta que estas ferramentas comunicativas contan cos seus protocolos específicos e son, a día de hoxe, unha vía fundamental para superar o silencio mediático provocado polos mass media e as súas axendas. Entre os obxectivos na elaboración da mensaxe debe estar a xeración dunha personalidade política propia entendida non só como unha cuestión ideolóxica senón tamén formal. Tanto os posicionamentos como a maneira en que estes se trasladan teñen que estar asentados nunha planificación estratéxica e deben gardar coherencia.

A nova Executiva da organización nomeará nun prazo de dous meses após a súa conformación a unha persoa responsábel de comunicación encargada de formar un equipo integrado non só por persoas que traballen de xeito permanente, senón que terá que dar pé á colaboración periódica de militantes da organización, especialmente daquelas persoas especialistas neste eido. Así, este referente repartirá as diferentes responsabilidades en función de cada eido da comunicación establecendo unha persoa referencial para a relación coa prensa, outra para a xestión web, outra para a xestión das redes sociais da organización e supervisión periódica das diferentes contas xestionadas coa marca BNG e dos cargos referenciais, unha persoa referente para o audiovisual e outra para a comunicación interna coa militancia -quen, entre outras funcións, deberá comunicar ás diferentes responsábeis de comunicación locais e comarcais as mensaxes prioritarias a difundir en cada intre, como tivo lugar nas eleccións estatais-.

O equipo de comunicación deberá realizar informes periódicos do traballo realizado, aportando métricas das accións realizadas para analizar a súa efectividade que presentará nunha xuntanza de coordinación presencial a celebrar cada tres meses, sendo reforzada de xeito extraordinario nos períodos electorais. Dito equipo tamén se deberá xuntar de xeito periódico co equipo de comunicación da organización xuvenil, Galiza Nova, para coordinar as accións a realizar.

O equipo de comunicación deberá coordinar formacións específicas para os diferentes responsábeis de comunicación locais e comarcais de xeito periódico (cando menos dúas veces ao ano e sempre previamente as citas electorais) para estender o uso das boas prácticas e para que a militancia teña toda a competencia posíbel no uso das ferramentas, especialmente as redes sociais.

Entre os cometidos do novo equipo de comunicación debe estar dar unha maior pulo ás redes sociais impulsando contidos audiovisuais -ten en conta que ten máis impacto unha valoración audiovisual dun minuto nas redes que unha ligazón a unha nota na web- aproveitando as intervencións nos medios, nos plenos, nos actos e no Parlamento para publicar de xeito periódico breves clips de non máis de tres minutos.

Ademais, a web da organización precisa dun plan de completa reestruturación adaptándoa aos tempos. Tendo en conta isto, o equipo de comunicación debe elaborar un plan de comunicación completo, analizando de xeito detallado cal é a situación da comunicación actual do BNG -incluídos persoeiros, concellos e comarcas- facendo un calendario coas accións alén da vindeira cita electoral, as galegas. Hai que incorporar as boas prácticas de cara as eleccións pero o plan de comunicación en xeral debe ir encamiñado a ser desenvolvido alén e non condicionado por esa cita. O equipo de comunicación disporá de tres meses para a realización do Plan de Comunicación que deberá ter unha vixencia de dous anos.

Un reto político e organizativo: os espazos urbanos

As análises da situación do BNG revelan unha especial perda de apoio e referencialidade nas cidades -agás Pontevedra, onde nas municipais tivemos un apoio social moi importante- e nos espazos metropolitanos que as rodean. Neste sentido cómpre unha revisión total da nosa forma de traballar nestes espazos, que fan precisa unha estratexia específica para revertermos esta situación que, ademais ten especial importancia ao camiñarmos cada vez máis a un modelo urbanizado de socialización, no sentido de que cada vez máis poboación ten como referencia estes espazos.

A aposta por referentes públicos novos para unha consolidación a medio prazo e a conformación de grupos locais de traballo renovados e estábeis serán claves, así como afondar en modelos de participación abertos coma os grupos de barrio e sectoriais. Ademais, deberemos ter en conta os sectores aos que nos diriximos, cada vez menos ideoloxizados e para os que o compromiso militante non é algo ríxido e constante. Cómpre, polas súas especificidades, acrecentar á nosa axenda de intervención política e social estes espazos de forma particular e tendo en consideración a heteroxeneidade e particularidades de cada un deles (volumen de poboación, sectores de traballo maioritarios, formas de relación, estado da organización, representatividade pública do BNG, etc). Por iso, nas melloras organizativas a desenvolver estará o deseño dun plan específico de traballo para estes ámbitos que requirirá de especial apoio e seguimento específico desde o ámbito nacional.

É imprescindible deseñar e clarificar un modelo de cidade ilusionante en cada un dos concellos urbanos, sendo constantes, realistas e rigorosos á hora de trasladalo á sociedade, utilizando todos os métodos comunicativos que teñamos co fin de que as veciñas e veciños teñan claro o noso proxecto

As nefastas condicións impostas con a entrada na CEE no noso agro, o modelo produtivo sumamente dependente adoptado polos sectores clásicos da economía agraria galega, nomeadamente a produción leiteira, e as consecuencias dun mercado completamente liberalizado estannos pondo ás portas dun rural totalmente descoñecido. Temos boa parte do territorio e da poboación do País nun estado de desestruturación dificilmente reencamiñábel. Mais ao mesmo tempo xorden novas iniciativas, realidades, que teñen no retorno á terra un proxecto vital substancialmente distinto desas versións clásicas. É deber do nacionalismo incorporar novas estratexias cara a valorar e acompañar o novo rural que sen prexuízo dos sectores clásicos é xa unha realidade.

3. Formación

A formación é a faceta máis esquecida na nosa organización, a pesar de contarmos con numerosas referencias ao feito de a xulgarmos imprescindible para avanzar no proceso de incrementar a conciencia nacional e contribuír á transformación social. Neste apartado, pouco fomos capaces de facer, sobre todo no especificamente referido ao ámbito interno.



Entre as cuestións relevantes que podemos sinalar, comprometémonos a desenvolver encontros periódicos de responsábeis orgánicos e representantes institucionais para pór ao día o discurso e as mensaxes que deben centrar a liña política e a actividade da organización, uns encontros que serán de debate e diálogo e que abordarán temas específicos de maneira profunda e constante.

Para alén dos temas de carácter ideolóxico-político, darémoslle prioridade á formación comunicativa á procura dun outro tipo de linguaxe, máis directa, máis actual, máis dinámica, tamén inclusiva e que supere as rixideces e falta de emoción da linguaxe política convencional. Tamén formará parte da formación un aspecto crucial para conseguir unha maior axilidade nos debates e na toma de decisións. Referímonos ás habilidades comunicativas e a aprendizaxe do debate grupal cooperador. Substituír as longas intervencións -que non deixan de ser monólogos

encadeados- por conversas áxiles en que se aproximen posicións e se recollan ideas da maioría das persoas que interveñen, primando o dinamismo e o número de persoas a intervir nas xuntanzas é un obxectivo central a medio prazo, que requirirá esforzo e planificación.

Tamén deberemos priorizar a formación política en sentido estrito, organizando encontros de formación sobre temáticas específicas en cada comarca, para fornecer de argumentos á nosa base militante e poderen así enfrontar axeitadamente os debates que se produzan no seu entorno social máis inmediato evitando que queden no teórico e asegurándonos de que sexan levadas á práctica.

Nas accións de formación interna incluírase sempre de xeito transversal a perspectiva de xénero; tanto na metodoloxía como nas temáticas a abordar. A pedagogía irá encamiñada á interseccionalidade (xéneros, sexodiversidade, etnia, ecoloxía, etc)

4. Renovación e melloras nos órganos de dirección

A renovación nos organismos locais, comarcais e nacionais debe ser enfocada como unha necesidade para a supervivencia e fortalecemento do proxecto nacionalista e como unha responsabilidade colectiva e continuada no tempo. A militancia é tamén un proceso de aprendizaxe, polo que cando planificamos a medio prazo o traballo da organización debemos ter en conta, en todos os planos, a transmisión das aprendizaxes para non producir baleiros nos organismos ou espazos de participación en que haxa que partir de cero. Os procesos de renovación deben enfrontarse, xa que logo, combinando a entrada nos organismos de dirección de novas persoas en equilibrio con aquelas persoas que achegan coñecemento e experiencia nes marcos.

Un elemento chave para mellorarmos colectivamente o noso funcionamento é o coñecemento compartido da realidade de cada espazo de participación. Neste sentido, os organismos de dirección comarcais e locais elaborarán un informe semestral con información cuantitativa sobre a situación da organización para o coñecemento da militancia e traslado aos organismos nacionais, que farán un informe global para análise do Consello Nacional.

A mellora dos órganos nacionais

No que se refire á Executiva, neste novo período apóstase por trazar novos métodos de traballo. Proponse transitar das responsabilidades individuais, até o momento secretarías, cara ás áreas colectivas de traballo, mesmo que dentro delas se establezan responsabilidades individuais.

Estabelécense cinco áreas de traballo globais. A Executiva entrante propondrá, con base na súa composición, a distribución final de tarefas así como as persoas coordinadoras de cada área ou subárea, que deberá ser ratificada polo Consello Nacional.

1. **Área de Organización.** Expansión organizativa, coordinación, ámbito urbano, localidades e comarcas, formación e finanzas.
2. **Área de Política institucional.** Coordinación da política municipal, impulso e coordinación da rede de gobernos e cogobernos –concellos e deputacións-, apoio ao traballo parlamentar.
3. **Área de Comunicación.** Discurso, prensa e medios, imaxe e propaganda, redes e web.
4. **Área de Ideas e alternativas políticas:** movementos sociais, normalización lingüística, ecoloxismo, feminismo, mocidade, programas e políticas sectoriais.
5. **Área de Relacións nacionais e internacionais**

A representación pública do BNG non recaerá exclusivamente na figura da Portavocía Nacional promovendo a pluralidade de voces que transmitan os posicionamentos políticos acordados na organización prestando especial atención ao equilibrio de xénero na representación pública do BNG.

5. Transparencia.

A transparencia debe ser un sinal de identidade do funcionamento interno e externo do BNG. Por ese motivo, o Consello Nacional do BNG, analizará e impulsará unha batería de medidas nesa dirección, a comezar polas seguintes:

- Crear un espazo para a publicación de documentos, propostas, decisións e debates para o coñecemento da militancia.
- Articular unha canle bidireccional a medio dun sistema que posibilite que calquera militante poida facer propostas ou achegas á Executiva Nacional
- Elaborar unha estrutura en rede con soporte tecnolóxico que permita a participación de todas e todos os militantes e, se for o caso, o conxunto da sociedade, en diferentes asuntos que atinxen á política diaria a través de consultas virtuais
- Publicar na web nacional con carácter anual do orzamento do BNG e a súa execución, así como de cada campaña electoral e unha listaxe das doazóns efectuadas por cada cargo público do BNG.”

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

Estatutos do BNG

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS, ESTATUTOS DO BNG E O SEU DESENVOLVEMENTO REGULAMENTARIO

O. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

0.1. DEMOCRACIA

O funcionamento democrático é o único compatíbel cos obxectivos do BNG. Garántese a todos os niveis: información, debate, toma de decisións e xestión.

0.2. CARÁCTER ASEMBLEARIO

O BNG, como organización plural, aberta e participativa, basea a súa dinámica de funcionamento e decisión política en formulacións assemblearias. As persoas representantes están suxeitas a mandato imperativo, por tanto, poden ser revogadas polas electoras.

0.3. PLURALISMO POLÍTICO

O BNG recoñece a existencia de distintas opcións políticas, ideolóxicas e organizativas no seo do nacionalismo galego, así como distintas formulacións estratéxicas cara ao exercicio pleno da nosa soberanía nacional. O BNG, xa que logo, como expresión unitaria do nacionalismo, recoñece a existencia de diversas tendencias políticas no seu seo, aínda que a adscrición e militancia no BNG é individual.

0.4. MAIORÍAS E MINORÍAS

A posición oficial do BNG determínase por maiorías. Garántese o dereito das posicións minoritarias á súa defensa pública, discrepando lexitimamente da opción maioritaria.

0.5. LIBERDADE DE EXPRESIÓN

O necesario debate que debe fundamentar a participación e toma de decisións en toda organización política fai necesario o recoñecemento explícito da liberdade de expresión, non só para as distintas opcións organizadas no BNG, senón tamén a título individual para todos os seus membros.

0.6. DEREITO A DISCREPANCIA PÚBLICA

O dereito á defensa pública das posicións minoritarias e o de defensa da liberdade de expresión concrétese no dereito á discrepancia pública, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou ao boicot da decisión maioritaria.

1. DA AFILIACIÓN

A afiliación ao BNG será individual. Após presentar solicitude, poderase afiliar ao BNG calquera nacionalista que acepte os principios e a disciplina do BNG.

1.1. DOS DEREITOS E DEBERES DA AFILIACIÓN

1.1.1.- Todos os afiliados e todas as afiliadas do BNG teñen os mesmos dereitos e deberes perante a organización.

1.1.2.- Son dereitos dos afiliados e das afiliadas do BNG:

- a) Expresaren libremente as súas opinións políticas nos debates internos.
- b) Participaren na toma de decisións e na actividade política do BNG.
- c) Discreparen publicamente das posicións maioritarias, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou boicot da decisión maioritaria.
- d) Participaren nas eleccións de cargos que tiveren lugar no seo da organización e optaren en igualdade de condicións ao desempeño destes.
- e) Recibiren información sobre a orientación e a actividade xeral do BNG.
- f) Elevaren propostas aos órganos do BNG para a súa toma en consideración.
- g) Seren previamente ouvidos/as no caso de se proporen sancións disciplinarias contra eles/elas e recorreren as sancións perante os órganos superiores e, esgotadas estas vías, perante a Comisión de Garantías.
- h) Recibiren apoio solidario da organización ante os problemas derivados da súa militancia política.

1.1.3.- Son deberes dos afiliados e das afiliadas do BNG:

- a) Actuaren de conformidade co establecido nos principios políticos e ordenamento estatutario do BNG.
- b) Contribuíren na medida das súas posibilidades á definición e aplicación da liña política do BNG.
- c) Irradiaren no seu ámbito social as posicións do nacionalismo galego.
- d) Teren unha práctica lingüística coherente coa defensa da normalización do uso social do galego.
- e) Defenderen a autoorganización do pobo galego a todos os niveis.
- f) Acataren e respectaren as decisións maioritarias aínda no caso de discreparen con elas.
- g) Aboaren a cota estipulada e asumiren solidariamente os compromisos económicos que se derivaren do desenvolvemento da actividade política do BNG.
- h) Respectaren nas manifestacións internas e externas aos compañeiros e compañeiras, así como aos órganos colexiados do BNG.

1.2. DAS ALTAS E BAIXAS E A SÚA TRAMITACIÓN

1.2.1.- A admisión formal das solicitudes de alta farase polo Consello Comarcal correspondente, constando en acta.

1.2.2.- A proposta de afiliación dun novo membro debe ser avalada, cando menos, por dous membros do BNG. En caso de a persoa interesada non coñecer ningún membro do BNG que a puiden avalar o Consello Comarcal concertará unha entrevista con ela para obter a información necesaria, exporlle o ideario político e as normas de funcionamento da Fronte e facerlle entrega do programa e dos estatutos do BNG. O Consello Comarcal poderá proceder así en cada caso que considerar preciso. Os novos afiliados e afiliadas terán coñecemento dos principios políticos fundacionais do BNG e encadraranse necesariamente na asemblea local onde tiveren unha relación directa de veciñanza ou laboral.

1.2.3.- En calquera caso as peticións de alta no BNG serán tratadas e resoltas na primeira reunión ordinaria do Consello Comarcal. Estas deben formalizarse por escrito, debendo constar a petición expresa de alta no BNG acompañada da ficha completa cos datos da persoa solicitante. Todas as altas, antes da tramitación polo Consello Comarcal correspondente, contarán cun informe do Consello Local da localidade en que se encadre o novo afiliado ou afiliada.

1.2.4.- Ao Consello Nacional asístelle o dereito de revogar os acordos adoptados no caso de se non axustaren aos estatutos ou aos principios organizativos do BNG.

1.2.5.- No caso de peticións de alta colectivas que afectaren a máis dunha comarca, o órgano competente para decidir politicamente sobre a conveniencia desta integración é o Consello Nacional, sen prexuízo de as comarcas respectivas realizaren un informe que recolla unha posición nun determinado sentido deste organismo. De conformidade co establecido no ordenamento estatutario do BNG, os consellos comarcais serán competentes para resolver individualmente cada caso.

1.2.6.- Causarán baixa no BNG, para alén de polas razóns disciplinarias que inclúen estes Estatutos, todas as persoas afiliadas ao BNG que, sen causa xustificada, non satisfagan a cota estipulada. Cando unha persoa afiliada ao BNG estiver 6 meses sen aboar a cotización recibirá por escrito unha comunicación certificada dándolle un prazo dun mes para se pór ao día, cumprido o cal sen o facer, causará baixa. Se unha persoa afiliada, por razóns económicas, non puiden satisfacer a cota estipulada, debe comunicar esta situación ao Consello Comarcal, quen, á vista dos datos, pode eximila temporalmente do deber de cotizar ou reducirlle a cota. Unha persoa dada de baixa por impago de cotas, para darse de alta de novo deberá pagar previamente as cotas adebedadas.

1.2.7.- Toda persoa afiliada ao BNG debe estar adscrita a unha única asemblea local e comarcal en que exercerá o seu dereito a voto, sen prexuízo de poderen asistir eventualmente e sen dereito a voto ás reunións doutra asemblea comarcal ou local aqueles/as afiliados/as con mobilidade de residencia ao longo do ano por razóns diversas.

1.2.8.- O BNG é unha organización unitaria, xa que logo, se un consello comarcal denegar unha petición de alta ou decidir dar de baixa a unha persoa afiliada, esta non pode ingresar deseguido noutra asemblea comarcal. En caso de conflito competencial entre comarcas, será o Consello Nacional quen decidir, e cabe tamén recurso perante a Comisión de Garantías e, en última instancia, perante a Asemblea Nacional.

1.2.9.- En cada asemblea comarcal debe haber un libro de altas e baixas. Cada comarca debe remitir aos órganos nacionais un parte de altas, baixas e traslados, acompañado da copia da acta do consello comarcal en que conste a aceptación destas e de copia da ficha das persoas en cuestión. No caso dos traslados debe facerse indicación da comarca a que se traslada a persoa militante e dos novos datos de localización. No caso das baixas deberá achegarse ademais o carné da persoa interesada.

1.2.10.- O carné é o documento que acredita a condición de militante do BNG, correspóndelle á organización nacional a súa emisión e a asignación de números. Non serán entregados carnés do BNG ás solicitudes que non se axustaren ás normas anteriores, nin en consecuencia, as altas serán reflectidas nas relacións nacionais. O BNG fomentará a difusión dunha tarxeta de identificación galega, que terá plena validez nos actos internos do BNG, e tamén impulsará o seu uso en todos os ámbitos cotiáns.

1.2.11.- Galiza Nova conta con plena autonomía organizativa no seo do BNG e a condición de militante de Galiza Nova acredita un/unha compañeiro/a como militante do BNG. En consecuencia, Galiza Nova contará coas súas propias listaxes e emitirá os seus propios carnés.

1.2.12.- Galiza Nova entregará copia das fichas dos/das seus/súas militantes aos Consellos Comarcais do BNG respectivos e comunicará por escrito, no momento de se produciren, os movementos de altas, baixas e traslados da súa afiliación, movementos de que, á súa vez, os consellos comarcais deberán dar conta aos organismos nacionais do BNG. Os consellos comarcais do BNG están capacitados para non admitir unha alta de GN no caso de haber evidencias de que a persoa interesada ten posicións contraditorias coas definidas no Programa e Estatutos do BNG.

1.2.13.- As persoas militantes de Galiza Nova están exentas de pagar cotas ao BNG agás as contribucións especiais que se estableceren para os cargos institucionais do BNG.

2. DOS PARTIDOS E COLECTIVOS

As organizacións integradas no BNG son canles a través dos que colectivos representativos das distintas culturas políticas ou tradicións ideolóxicas que converxen no nacionalismo galego achegan as súas reflexións, ideas e propostas ao proxecto común. A existencia de distintos colectivos organizados está subordinada ao

funcionamento do BNG como unha organización unitaria con vocación de permanencia.

2.1.- As persoas militantes do BNG teñen dereito a constituíren colectivos ou partidos de acordo coas súas afinidades ideolóxicas, sen prexuízo da igualdade de dereitos e deberes que posúen todas as persoas militantes da Fronte polo simple feito de o seren.

2.2.- A constitución dun partido ou colectivo formalizarase coa presentación perante o Consello Nacional dun escrito do que resulte nome e domicilio deste e os seus obxectivos e finalidades. Acompañarase a documentación da constitución e a composición dos seus órganos de dirección.

2.3.- No caso de partidos ou colectivos xa existentes que desexaren formalizar a súa entrada no BNG, deberán presentar a mesma documentación.

2.4.- En ambos os dous casos o Consello Nacional adoptará unha decisión tras valorar a documentación presentada canto a súa adecuación aos principios, práctica e obxectivos do BNG e ás circunstancias políticas do momento. A resolución e a motivación que a apoia será comunicada por escrito á persoa solicitante.

2.5.- As persoas que militaren en partidos ou colectivos integrados no BNG deberán estar afiliadas ao BNG.

2.6.- Os partidos e colectivos -dentro da súa total autonomía para decidiren as súas normas de funcionamento- informarán anualmente ao Consello Nacional da composición dos seus organismos nacionais de dirección, da celebración dos seus órganos máximos de decisión, así como de cando deixen de ter funcionamento orgánico etc. O Consello Nacional tamén velará para que ningunha das partes ou membros da fronte teña comportamentos gravemente desleais ou contrarios á unidade do BNG.

2.7.- O desempeño das funcións de portavoz nacional, candidato/a á Xunta, portavoz no parlamento galego, español e europeo levará consigo a imposibilidade de desempeñar o cargo de portavoz interno ou externo, público, da corrente á que se pertencer, debendo representar exclusivamente ao BNG.

3. DA ASEMBLEA NACIONAL

A Asemblea Nacional é o órgano supremo do BNG e o titular da soberanía da

organización. Será competente para a discusión e crítica política e para todas aquelas cuestións que atinxiren á expresión da vontade política da organización.

Son funcións específicas da Asemblea Nacional a aprobación dos principios políticos e organizativos e dos Estatutos do BNG e calquera modificación que se introducir nestes, así como marcar as liñas estratéxicas que o BNG debe seguir. Así mesmo á Asemblea Nacional correspóndelle elixir 50 membros do Consello Nacional entrante, as persoas integrantes da Executiva Nacional e o/a Portavoz Nacional.

A. DA CONVOCATORIA DA ASEMBLEA E DOS MEMBROS DE PLENO DEREITO

3.1.- O Consello Nacional é o órgano competente para convocar Asemblea Nacional. Para a celebración de asembleas nacionais ordinarias. Estabéllese un período mínimo de dous anos e un período máximo de tres.

3.2.- Após solicitude da maioría dos consellos comarcais, o Consello Nacional estará obrigado a convocar Asemblea Nacional Extraordinaria. As asembleas extraordinarias convocaranse cunha antelación mínima de un mes. As xuntas ordinarias coa antelación mínima de tres meses.

3.3.- Toda a afiliación do BNG ten dereito á participación directa nas asembleas nacionais, de acordo coas normas establecidas en canto a cotas, prazos de alta e inscrición previa para a participación no proceso asembleario. Esta decisión só poderá ser modificada se é aprobada por unha maioría cualificada de 2/3 dos membros do BNG.

3.4.- Para ter dereito a participar na Asemblea Nacional e en todos os procesos internos de elección hai que contar, cando menos, cunha antigüidade de dous meses e as cotas ao día na data da convocatoria do proceso correspondente.

3.5.- A obriga de estar ao día no pago de cotas afecta tamén á participación como membro de pleno dereito no proceso territorial da Asemblea Nacional.

3.6.- As convocatorias de asembleas nacionais deben adecuarse estritamente aos procedementos previstos nos Estatutos vixentes. Calquera modificación proposta nos documentos a debate, entrará en vigor unha vez aprobada pola Asemblea Nacional.

B. DA MECÁNICA DE ELABORACIÓN, DISCUSIÓN E APROBACIÓN DOS DOCUMENTOS E DO RÉXIME DE SESIÓNS

3.7.- O Consello Nacional saínte será o encargado de aprobar os textos base que se someterán a discusión na Asemblea Nacional. O Consello Nacional fixará os temas para debater e convocará a constitución das comisións encargadas de redactaren as propostas de documentos, que serán abertas a todos os membros do Consello Nacional que desexaren participar nos traballos destas.

3.8.- As propostas de documento deberán ter unha estrutura sintética e didáctica que facilite o debate e a concreción de propostas de emenda. Así, cada un dos documentos estará estruturado do seguinte xeito:

a) Preámbulo.

Introdución en que se fai un relatorio de feitos ou unha diagnose da situación que fundamenta ou serve de apoio argumental ás distintas teses políticas ou organizativas e propostas de resolución que logo se formulan.

b) Teses políticas ou organizativas.

Enunciación de principios ou análises que o BNG asume como propios e fundamentan propostas concretas de actuación [c)]. Neste apartado poden incluírse, de xeito sintético e didáctico, análises xa apuntadas no preámbulo e outras conclusións que se derivaren deste.

c) Propostas de resolución.

Proposta de medidas prácticas e/ou operativas para executar polo BNG (propostas concretas de actuación).

3.9.- As persoas afiliadas do BNG, nos termos e prazos que establecer o regulamento da Asemblea, poden facer contribucións para a súa toma en consideración polas comisións redactoras dos distintos documentos. Estes contributos deberán incluír propostas de tese e/ou de resolución, con independencia de iren acompañados de informe ou texto argumental que xustifique a inclusión das propostas que se formularen.

3.10.- As comisións presentarán ao Consello Nacional os textos aprobados pola maioría dos seus membros. Se existiren discrepancias, constarán igualmente os votos particulares dos membros do C.N. que forman parte da Comisión.

3.11. O Consello Nacional aprobará os textos definitivos das propostas de documentos e poderán presentar os membros do C.N. que disintan na súa totalidade ou en parte dos documentos aprobados, votos particulares. Consideraranse votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por membros do Consello

Nacional que disintan do documento aprobado polo órgano, xa sexa no seu conxunto ou nalgún dos seus apartados. Por tanto, os votos particulares atinxirán á totalidade do documento ou dalgún dos seus apartados, e implicarán, agás que se propoña a supresión, a presentación dun texto alternativo.

Os documentos serán enviados ás asembleas comarcais para a súa discusión cando menos con 45 días de antelación á celebración da Asemblea Nacional. Estas propostas de documento irán acompañadas dos votos particulares, sempre que as persoas interesadas, membros do C.N., manifesten a vontade de os manterem.

3.12.- As asembleas comarcais debaterán as propostas de documentos e os votos particulares e poderán formular emendas parciais ou á totalidade.

No que atinxe á mecánica de debate nas asembleas esta deberá seguir as seguintes pautas:

- Cada proposta de documento será obxecto dun debate global. Con tal fin abriranse quendas de palabras con anterioridade ao debate de propostas de emenda concretas.

- Deseguido procederáse ao debate de propostas de emenda concretas coa apertura de quendas de palabra a favor e en contra.

- As propostas de emenda afectarán ás propostas de tese e/ou de resolución contidas no documento, podendo ser de supresión, de engádega ou de substitución. Nestes dous últimos casos suporán a presentación de texto alternativo global por parte da persoa emendante.

- Aquelas cuestións que afectaren ao preámbulo do documento serán trasladadas directamente como suxestións sen necesidade de debate e votación.

3.13.- Para que unha emenda pase a debate á A.N. precisará acadar a maioría simple dos votos das persoas presentes nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra. Para que un voto particular de membros do Consello Nacional pase a debate á Asemblea Nacional deberá acadar, cando menos, a maioría simple dos votos nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra. As emendas que prosperaren nas distintas asembleas comarcais distribuiranse ao conxunto da organización con tempo suficiente para poderen ser estudadas.

3.14.- Os traballos nas asembleas nacionais ordinarias estruturarase por plenos e comisións, e seguirase á hora de distribuír as persoas asembleístas nestas, criterios

aleatorios. O Consello Nacional presentará en cada asemblea nacional ordinaria un informe político e de xestión que será debatido -xunto cos documentos asembleares- nun primeiro pleno de debate global. O Consello Nacional saínte ou unha delegación deste presidirá as sesións plenarias, nomeará as persoas relatoras encargadas da defensa dos documentos e propondrá, para a súa ratificación pola asemblea, as persoas encargadas de moderaren os debates, e dous/dúas secretarios/as encargados/as de redactaren a acta das sesións plenarias. As comisións contarán, para alén do moderador e dos/das relatores/as, con dous secretarios elixidos pola comisión entre os seus membros.

3.15.- Pasarán a debate aos plenos todas as emendas que acadaren maioría simple nunha comisión, sen menoscabo de que o Regulamento da A.N. estableza cotas máis baixas.

3.16.- Aprobaranse en pleno todas as emendas que acadaren maioría simple de votos. Unha vez discutidas as emendas, someteranse a votación os relatorios coas emendas introducidas que precisarán a mesma marxe para a súa ratificación.

3.17.- As listas que se presentaren para optar aos 50 postos do Consello Nacional de elección directa na Asemblea Nacional deberán estar presentadas antes do comezo da última sesión plenaria e deberán ir asinadas por todas as persoas integrantes da candidatura, certificando a súa aceptación a estaren incluídas na candidatura.

3.18.- Tanto nas asembleas nacionais ordinarias como nas extraordinarias, o Consello Nacional elaborará, de conformidade cos Estatutos do BNG, a proposta de Regulamento, que será sometida a debate na Asemblea como primeiro punto da Orde do Día para a súa ratificación ou rectificación. A proposta de Regulamento debe incluír a Orde do Día da Asemblea.

3.19.- Nas asembleas nacionais extraordinarias, cando foren convocadas para tomar unha decisión que afecte un asunto concreto e de urxente resolución, poderase prescindir do proceso territorial e do debate en comisións. Neste caso a Asemblea non pode incluír na súa Orde do Día a renovación dos órganos de dirección.

C. DO PROCESO DE ELECCIÓN DE CARGOS E ÓRGANOS POLA ASEMBLEA NACIONAL

3.20.- A Asemblea Nacional escollerá 50 membros do Consello Nacional entrante, as persoas integrantes da Executiva Nacional e o/a Portavoz Nacional.

3.21.- A elección poderá efectuarse por medio dunha candidatura de conxunta ou por listaxes pechadas:

3.21.1.- No caso da candidatura conxunta, o Consello Nacional saínte poderá facer unha proposta de candidatura para os 50 membros para elixir directamente pola Asemblea Nacional. Para estes efectos, as asembleas comarcais incluírán un punto na orde do día relativo a propostas de persoas dentro do ámbito de cada comarca para ter en conta para a elaboración desta candidatura. As propostas serán remitidas ao Consello Nacional para que unha comisión deste organismo elabore a proposta de candidatura.

Alén do establecido no no parágrafo anterior, manterase a designación directa de integrantes do Consello Nacional por cada asemblea comarcal conforme estes Estatutos.

A candidatura conxunta será sometida a votación da Asemblea Nacional, que resultará aprobada de obter máis votos a favor que en contra.

3.21.2.- Cando a elección for por listas, realizarase por medio da a través da pechadas e bloqueadas que contén, como mínimo, co 30% dos postos para cubrir, e procederase a un reparto directamente proporcional aos votos acadados por cada lista.

3.22.- A Executiva Nacional estará formada por 15 persoas, repartidas proporcionalmente ao apoio obtido polas candidaturas presentadas para o Consello Nacional e seguindo a orde de cada candidatura. No caso de que se presentase unha candidatura conxunta ao Consello Nacional, a proposta de Executiva ficaría conformada polas 15 primeiras persoas da candidatura.

3.23.- Resultará electo Portavoz Nacional a persoa que encabezar a listaxe máis votada para o Consello Nacional.

3.24.-Garantírase ás candidaturas a igualitaria publicidade e coñecemento das súas listaxes, mediante a inserción do mesmo espazo e difusión nos órganos de expresión do BNG, nos documentos presentados á militancia, nas asembleas comarcais e na Asemblea Nacional.

3.25.- A elección do candidato ou candidata do BNG á Presidencia do Goberno Galego farase coa participación de toda a militancia co voto en urna nas distintas comarcas, dentro do proceso de elección das candidaturas do BNG ao Parlamento de Galiza. Garantírase que ese proceso vaia acompañado por presentación das propostas por parte dos/as candidatos/as á militancia tanto coa presenza nas distintas asembleas

como cos medios organizativos precisos.

4. DOS ENCONTROS NACIONAIS

4.1.- Os encontros nacionais son órganos de carácter deliberante e consultivo. O Consello Nacional é o órgano facultado para os convocar e establecer a Orde do Día, e poderá convocar encontros nacionais de cadros do BNG (membros dos Consellos Nacional, comarcais e/ou locais) ou encontros nacionais abertos ao conxunto da afiliación.

5. DO CONSELLO NACIONAL

O Consello Nacional é o órgano máximo de dirección, representación, debate e decisión do BNG entre asembleas nacionais. Será competente no seguimento do cumprimento, desenvolvemento e na concreción da liña política definida pola Asemblea Nacional e en todos aqueles asuntos que non foren competencia da Asemblea Nacional. As súas decisións serán vinculantes para o conxunto da organización.

A. DAS SÚAS COMPETENCIAS E FORMA DE ELECCIÓN

5.1.- O Consello Nacional reunirase con carácter ordinario cada dous meses. Todas as reunións do Consello Nacional terán como punto obrigado da orde do día a presentación e debate dun informe da Executiva relativo á súa actuación e á súa análise da situación política. Á súa vez, as decisións adoptadas polo Consello Nacional serán comunicadas ao conxunto da organización a través dos portavoces-responsábeis comarcais e, se for o caso, serán publicadas na páxina web, nas publicacións do BNG e dadas a coñecer aos medios de comunicación inmediatamente despois de cada reunión.

5.2.- O Consello Nacional conformarase de acordo cos seguintes criterios:

-A Asemblea Nacional elixirá directamente 50 membros.

-As asembleas comarcais elixirán 50 membros en proporción á afiliación, incluído o/a responsábel comarcal.

-Galiza Nova e os partidos e colectivos integrados no BNG designarán unha persoa representante cada un.

5.3.-Os membros electos polas asembleas comarcais escolleranse conforme a estes criterios:

a) Os membros electos polas asembleas comarcais para se incorporaren ao Consello Nacional serán aqueles que ocuparen os primeiros postos na listaxe electa pola asemblea comarcal para conformar o consello comarcal. No caso de se teren presentado varias listaxes procederase a un reparto directamente proporcional aos votos que acadase cada listaxe.

b) En caso de dimisións ou de que algunha destas persoas xa fose elixida para formar parte do Consello Nacional pola Asemblea Nacional procederíase ao corremento da listaxe por que esta persoa foi electa na Asemblea Nacional.

c) Será electa responsábel-portavoz comarcal a persoa cabeza da listaxe máis votada na elección do Consello Comarcal.

d) Os movementos de afiliación que se produciren após a Asemblea Nacional só computarán para determinar o número de persoas que se escollerá en cada comarca cando se inicie o proceso dunha nova Asemblea Nacional.

5.4.- As persoas responsábeis portavoces comarcais son as garantas da representación territorial no Consello Nacional e as máximas representantes do BNG en cada comarca. En caso de ausencia do/a responsábel portavoz comarcal será suplido/a nas súas funcións polo/a vicerresponsábel comarcal. A función de vicerresponsábel comarcal recaerá no número 2 da listaxe máis votada na Asemblea Comarcal. O/a vicerresponsábel comarcal substituirá o/a portavoz responsábel comarcal nas reunións do Consello Nacional a que este/a non puider asistir.

5.5.- A elección das persoas representantes dos partidos e colectivos, de Galiza Nova e dos/das responsábeis e vicerresponsábeis-portavoces comarcais deberá ser notificada a este organismo por escrito, así como a súa revogación ou substitución. Unha vez que o Consello Nacional tome coñecemento do nomeamento, procederá a dar entrada aos novos membros na seguinte reunión.

5.6.- En caso de causar baixa no Consello Nacional algún dos membros elixidos directamente na Asemblea Nacional procederase á súa substitución correndo a listaxe por que foi electo.

5.7.- En caso de un membro do Consello Nacional elixido directamente pola Asemblea Nacional ser elixido representante neste organismo por un partido ou colectivo ou

por unha asemblea comarcal, procederase ao corremento da listaxe por que foi electo na Asemblea Nacional.

5.8.- Unha mesma persoa non pode acumular a condición de representante dun partido ou colectivo e de responsábel ou vicerresponsábel portavoz comarcal.

B. DO RÉXIME DE SESIÓNS E DAS FUNCIÓNS DO CONSELLO NACIONAL

5.9.- As sesións ordinarias serán convocadas pola portavoz nacional. A Executiva Nacional establecerá a orde do día das reunións do Consello Nacional, garantíndose regulamentariamente a posibilidade de inclusión de asuntos por parte das persoas que pertenceren ao órgano.

5.10.- Poderase convocar, con proposta de orde do día, consello extraordinario polos lexitimados no artigo anterior, 1/3 dos membros do Consello Nacional ou 1/3 dos consellos comarcais.

5.11.- As convocatorias faranse cunha semana de antelación como mínimo. A Executiva Nacional terá que facilitar aos membros do Consello Nacional, cun mínimo de 96 horas, a documentación relativa aos diferentes puntos da orde do día. Unha vez recibida, abrirase un prazo de 48 horas de propostas de modificación, que serán reenviadas a todos os membros do Consello Nacional para seren debatidas directamente neste organismo.

5.12.- As sesións do Consello Nacional estarán presididas pola portavoz nacional encabezando unha Mesa en que se integrará a Executiva Nacional ou unha delegación desta. A ordenación e moderación dos debates corresponde á portavoz nacional.

5.13.- Son funcións específicas do Consello Nacional:

5.13.1.- Convocar Asemblea Nacional Ordinaria e Extraordinaria.

5.13.2.- Elixir a Comisión de Garantías.

5.13.3.- Definir a política de alianzas a todos os niveis.

5.13.4.- Analizar e discutir a marcha política do BNG, e, no seu caso, corríxila ou ratificala a todos os niveis.

5.13.5.- Elixir as persoas responsábeis das distintas áreas ou grupos de traballo en que estruture o seu traballo o Consello Nacional.

5.13.6.- Facer seguimento das tarefas das distintas responsabilidades e áreas de traballo da Executiva Nacional, das áreas ou grupos de traballo dependentes do Consello Nacional e das comarcas. Aprobar os seus planos de traballo e os seus orzamentos, se os houber.

5.13.7.- Aprobar o orzamento e rendición de contas cada exercicio.

5.13.8.- Aprobar os orzamentos das campañas electorais e das campañas específicas a nivel nacional.

5.13.9.- Aprobar as listaxes electorais e a designación de deputados/as provinciais.

5.13.10.- Aprobar a inclusión dun novo partido ou colectivo dentro do BNG.

5.13.11.- Aprobar a creación de calquera órgano periódico de expresión pública do BNG a nivel nacional.

5.13.12.- Nomear a(s) persoa(s) ou o órgano que ostentará a representación xurídica do BNG.

5.13.13.- Reestruturar a Executiva e remover as súas funcións.

5.13.14.- Debater anualmente un informe sobre a situación organizativa e financeira do BNG.

5.13.15.- Adoptar os acordos relativos á Fundación Galiza Sempre previstos nos seus Estatutos.

5.13.16.- Aprobar a creación dunha nova comarca ou calquera outra modificación do mapa comarcal actualmente existente, a proposta dos consellos comarcais ou dos consellos e asembleas locais das zonas afectadas.

5.13.17.- A creación ou reforma dos grupos de traballo sectoriais ou temáticos.

5.13.18.- Todas aquelas competencias e funcións non atribuídas especificamente a outro órgano.

6. DA EXECUTIVA NACIONAL

A Executiva Nacional é o órgano de dirección ordinaria do BNG. A Executiva Nacional é o órgano encargado de responder e de decidir cuestións da acción política cotiá do BNG, sen prexuízo da súa responsabilidade perante o Consello Nacional. Son funcións específicas da Executiva executar os acordos adoptados polo Consello Nacional e outras que este órgano lle asignar por delegación.

Serán tamén funcións específicas da Executiva Nacional as seguintes:

a. Cumprir e facer cumprir as disposicións estatutarias e velar polo cumprimento das resolucións políticas das distintas asembleas nacionais e dos consellos nacionais, garantindo a adecuación política dos distintos órganos ao proxecto estratéxico do BNG.

b. Velar polo adecuado funcionamento da organización de acordo cos principios que a informan. No exercicio desas funcións, poderá propor ao Consello Nacional as medidas que estatutariamente poidan exercitarse, para o bo funcionamento dos distintos órganos que conforman o BNG.

c. A Executiva Nacional poderá convocar reunións consultivas, cando se xulgar xustificadas, cunha representación dos partidos e colectivos do BNG, para coñecer a súa opinión sobre temas da súa competencia, ou ás persoas responsábeis políticas dos grupos de traballo sectoriais do Consello Nacional para abordar aspectos relativos ao traballo destes. As persoas da Executiva delegadas por este organismo para participar nestas reunións deberán trasladar á Executiva Nacional e ao Consello Nacional as conclusións desas reunións.

A. DA SÚA COMPOSICIÓN, FORMA DE ELECCIÓN E COMPETENCIAS DAS DISTINTAS RESPONSABILIDADES E ÁREAS DE TRABALLO

6.1.- A Executiva Nacional será escollida pola Asemblea Nacional de entre as persoas membros electos do Consello Nacional do BNG.

6.2.- Os compañeiros e as compañeiras integrantes da Executiva deberán integrarse en cando menos unha área de responsabilidades e responderán da súa actuación perante a Asemblea Nacional, e -no período interasemblemal- perante o Consello Nacional como órgano soberano do BNG entre asembleas. Por tanto, o Consello Nacional poderá proceder á reestruturación desta e á remoción de funcións.

6.3.- A Executiva Nacional terá un máximo de quince membros que deberán integrarse, cando menos, nunha das seguintes áreas de responsabilidade: Organización, Política institucional, Comunicación, Ideas e alternativas políticas e área de Relacións nacionais e internacionais.

6.4.- Atendendo a criterios funcionais cada unha das áreas da executiva poderá desdoblarse en varias áreas, ou á inversa, varias das áreas antes enunciadas fusionarse nunha única área político-funcional.

6.5.- O cadro de persoal ao servizo das diferentes responsabilidades e áreas de traballo da Executiva estará coordinado, á marxe da supervisión que exercer cada responsábel de área, pola Área de Organización.

6.6.- Estabelécense cinco áreas de traballo globais. A Executiva entrante propondrá, con base na súa composición, a distribución final de tarefas así como as persoas coordinadoras de cada área ou subárea, que deberá ser ratificada polo Consello Nacional:

6.6.1.- Área de Organización. Expansión organizativa, coordinación, ámbito urbano, localidades e comarcas, formación e finanzas.

6.6.2.- Área de Política institucional. Coordinación da política municipal, impulso e coordinación da rede de gobernos e cogobernos –concellos e deputacións-, apoio ao traballo parlamentario.

6.6.3.- Área de Comunicación. Discurso, prensa e medios, imaxe e propaganda, redes e web.

6.6.4.- Área de Ideas e alternativas políticas: movementos sociais, normalización lingüística, ecoloxismo, feminismo, mocidade, programas e políticas sectoriais.

6.6.5.- Área de Relacións nacionais e internacionais.

B. DO SEU RÉXIME DE SESIÓNS

6.8.- A convocatoria ordinaria de reunións deste órgano é competencia da Portavocía Nacional que actuará, asemade, como moderadora dos debates. Xuntarase ordinariamente con periodicidade mínima quincenal, nos días que fixe a propia Executiva.

6.9.- De xeito extraordinario, cando os acontecementos o requiriren, poderá xuntarse a proposta dun terzo dos membros da Executiva.

6.10.- As propostas de inclusión de puntos na Orde do Día serán comunicadas á Portavocía Nacional cando menos con 48 h. de antelación ao comezo da reunión.

6.11.- . A Executiva Nacional responderá aquelas cuestións que lle foren formuladas polos consellos comarcais e remitiralles unha resposta no prazo máximo dun mes, agás naquelas cuestións de extrema urxencia razoada, que será contestada na primeira xunta da Executiva. No caso de o asunto presentado polo consello comarcal ter interese para toda a organización, dará conta del no seguinte Consello Nacional para se trasladar aos consellos comarcais e se difundir entre a militancia. Naqueles asuntos que se xulgaren de máxima relevancia política, os órganos de dirección nacional, antes de adoptaren unha decisión definitiva, solicitarán a convocatoria de asembleas comarcais coa finalidade de debater entre o conxunto da militancia do BNG sobre estes e coñecer a súa opinión.

7. DA PORTAVOCÍA NACIONAL

A Portavocía Nacional configúrase como un cargo unipersoal da organización que terá como misión esencial a dirección dos traballos da Executiva Nacional e a expresión pública das opinións orgánicas do BNG. De ficar vacante no período interassemblear o Consello Nacional é competente para escoller portavoz nacional até a convocatoria de nova asemblea.

7.1.- Son funcións da Portavocía Nacional:

7.1.1.- Dirixir os traballos da Executiva Nacional do BNG e moderar as reunións dos órganos nacionais do BNG.

7.1.2.- Presidir os distintos órganos de decisión e convocar reunións da Executiva e do Consello Nacional.

7.1.3.- Presentar á Executiva Nacional unha proposta de regulamento de funcionamento interno desta.

7.1.4.- Asumir as funcións de máxima representación externa e interna do BNG actuando como portavoz oficial do BNG en declaracións públicas, correspondéndolle

a transmisión de opinións orgánicas do BNG, e en relacións con outras organizacións.

7.1.5.- Subscribir, en nome da organización, os acordos que o BNG formalizar con calquera outra organización política, social ou sindical, tanto nacional como internacional.

8. DA ESTRUCTURA TERRITORIAL

O BNG estrutúrase territorialmente en comarcas e localidades e poderán crearse, se as circunstancias así o aconsellaren, órganos de coordinación intercomarcal.

A. DAS COMARCAS

8.1.- Para a creación dunha nova comarca do BNG deberá existir unha mínima dispoñibilidade de recursos e unha estrutura de cadros e unha base suficientemente ampla, que garanta a vitalidade política e organizativa da nova demarcación. En calquera caso, serán requisitos mínimos para a creación dunha nova comarca que, nos concellos que abrangan, o BNG conte cun mínimo de 100 persoas afiliadas e estean constituídas asembleas locais do BNG en –cando menos– o 50% dos Concellos da zona.

8.2.- Poderán crearse subcomarcas, dotadas de certa autonomía funcional no ámbito da comarca en que estiveren inseridas, naquelas comarcas que tendo unha personalidade socio-xeográfica singular non reúnan os requisitos organizativos enunciados no punto anterior.

8.3.- O Consello Nacional será o órgano facultado para aprobar a creación dunha nova comarca ou calquera outra modificación do mapa comarcal actualmente existente, após proposta dos consellos comarcais ou dos consellos e asembleas locais das zonas afectadas.

B. DAS ESTRUCTURAS INTERCOMARCAIS

8.4.- Poderán constituírse, segundo aconsellaren as necesidades políticas ou organizativas, grupos de traballo intercomarcais tomando como referencia as provincias ou as áreas de influencia das sete grandes vilas da Galiza. Serán membros natos destes grupos os/as responsábeis portavoces e os/as responsábeis de política institucional das distintas comarcas dese ámbito. A maiores, e segundo a índole dos asuntos a tratar, poderán asistir ás súas xuntanzas os/as deputados/as provinciais e os/as deputados/as que teñan asignada a atención a esas zonas. Tamén poderán

incorporarse os/as responsábeis comarcais de área cando os temas que se foren tratar así o exixiren. Para a constitución destes grupos de traballo intercomarcais será preceptiva a autorización dos órganos nacionais do BNG.

8.5.- Eventualmente, e cando houber asuntos que así o demandaren, poderán convocarse encontros (integrados polo conxunto dos membros dos consellos comarcais dese ámbito) ou asembleas de militantes. En calquera caso, a súa función será só deliberativa e/ou de formulación de propostas aos órganos nacionais do BNG. A convocatoria destas deberá ser autorizada pola Executiva Nacional após proposta da comisión de coordinación correspondente.

8.6.- Tamén se poderán constituír órganos de coordinación entre comarcas limítrofes para problemas comúns que exixiren unha estratexia coordinada por parte do BNG.

C. DA ASEMBLEA COMARCAL

Estará composta por todos os membros do BNG na comarca, será competente para a discusión e crítica política en xeral, e todas aquelas cuestións que atinxiren a expresión da vontade política do BNG na comarca.

A Asemblea Comarcal elixirá á persoa que ten o cargo de responsábel portavoz comarcal. Escollerá asemade unha persoa vicerresponsábel portavoz encargada de axudar o/a responsábel portavoz comarcal no exercicio das súas funcións e de o/a relevar cando for preciso.

8.7.- Reunirase ordinariamente cunha periodicidade trimestral. A convocatoria farase cunha antelación mínima de 8 días á data de celebración.

8.8.- Poderá celebrar xunta extraordinaria a proposta de 1/3 da afiliación ou por decisión do propio consello comarcal. A convocatoria faraa o consello comarcal con 2 días de antelación como mínimo.

8.9.- As asembleas comarcais estarán presididas polo Consello Comarcal ou unha delegación deste.

8.10.- Os/as responsábeis portavoces comarcais serán os/as encargados/as de moderar os debates das reunións das asembleas e consellos do seu ámbito territorial.

8.11.- A Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, é o órgano

facultado para aprobar a constitución de asembleas locais no ámbito desa comarca.

D. DO CONSELLO COMARCAL

O Consello Comarcal é o máximo órgano de dirección do BNG na comarca e ostentará a representación pública do BNG. Cando a dimensión e as necesidades organizativas do BNG así o fixeren necesario poderá constituírse unha Executiva Comarcal con funcións semellantes, no seu ámbito territorial, ás da Executiva Nacional.

Estará composto polos membros elixidos pola Asemblea Comarcal, os/as responsábeis portavoces locais e o/a representante de Galiza Nova. Os membros elixidos pola Asemblea Comarcal representarán cando menos o 50% do total, incluídos a persoa responsábel e a vicerresponsábel portavoz comarcal.

8.12.- O Consello Comarcal xuntarase, como mínimo, con carácter bimestral. Poderase reunir con carácter extraordinario a convocatoria do/da responsábel comarcal ou a solicitude de 1/3 dos membros do Consello Comarcal.

8.13. - Son funcións específicas do Consello Comarcal as seguintes:

8.13.1.- Executar e concretar as liñas de actuación política a nivel comarcal.

8.13.2.- Convocar as asembleas comarcais.

8.13.3.- Aprobar o orzamento e a rendición de contas de cada exercicio para a súa presentación á asemblea comarcal e posterior envío ao Consello Nacional.

8.13.4.- Aprobar os planos de traballo e o orzamento, se o houber, das áreas de responsabilidade e o nomeamento das persoas responsábeis destas.

8.13.5.- Facer seguimento trimestral, como mínimo, dos planos de traballo das áreas comarcais se as houber.

8.13.6.- Aprobar, se proceder, as peticións de alta no BNG.

8.14.- A mecánica e normas que rexen a elección dos membros do Consello Comarcal, dimisións e substitucións etc. é a mesma que se establece para os órganos nacionais.

8.15.- O sistema de elección dos membros de elección directa en Asemblea Comarcal, caso de haber máis dunha candidatura, é o de listaxes pechadas e representación proporcional. Para poder participar nas eleccións haberá que ter as cotizacións ao día.

a) O Consello Comarcal saínte elaborará un Regulamento do proceso que será publicitado entre o conxunto da afiliación do seu ámbito e deberá incluír, cando menos, os seguintes aspectos:

a.1. Data de celebración da Asemblea e prazos para a actualización do censo coa posta ao día no pago das cotas dos/as afiliados/as en situación de impago.

a.2. Nº de membros de escolla directa na Asemblea para formar parte do novo Consello Comarcal Aos membros electos pola Asemblea sumaranse, ao final do proceso os/as responsábeis locais e o/a representante designado/a por Galiza Nova.

a.3. Nº de membros que integrarán a Executiva Comarcal de se propor a súa creación.

a.4. Prazo límite para a presentación de candidaturas ao Consello Comarcal.

a.5. As candidaturas deberán reunir os requisitos que se fixan para a elección nacional, isto é, deben presentarse ordenadas, contando cun número mínimo de candidatos/as do 30 por 100 dos postos para cubrir e escrito de aceptación a figurar na listaxe de cada unha das persoas candidatas.

a.6. O Regulamento establecerá dous prazos consecutivos espazados entre si e anteriores á celebración da Asemblea Comarcal, o primeiro para a presentación de candidaturas e o segundo para comunicar modificacións ou correccións de erros nestas.

b) O Regulamento someterase a deliberación e votación no momento de constitución da Asemblea e poderanse presentar emendas. En calquera caso estas non poderán afectar aspectos regulados nos Estatutos do BNG.

8.16.- Se se presentaren varias listaxes para optar aos postos do Consello Comarcal de elección directa en Asemblea o cargo de responsábel portavoz e de vice-responsábel recaerá na 1ª e 2ª persoa da listaxe máis votada.

8.17.- Galiza Nova, atendendo ao seu carácter de organización autónoma da

mocidade do BNG, contará cunha persoa representante neste órgano.

8.18.- O Consello Comarcal ou a Executiva, se a houber, tenderán a estruturarse no reparto de áreas de responsabilidade de acordo coas áreas existentes na Executiva Nacional do BNG. Deberán existir, como mínimo, as áreas de Organización, Finanzas e Acción Municipal. A persoa responsábel portavoz comarcal é o/a representante político/a máximo do BNG na comarca.

8.19.- O traballo do Consello Comarcal poderá verse auxiliado pola existencia de grupos de traballo cunha función similar aos nacionais referidos a ese ámbito territorial.

8.20.- No caso de se producir a renuncia dun ou dunha responsábel ou vice-responsábel comarcal ou local será o propio órgano o que elixa de entre os seus membros a persoa substituta, que exercerá a función até a realización do seguinte proceso de renovación deste.

E. DA ASEMBLEA LOCAL

A Asemblea Local é o órgano básico da organización territorial do BNG debendo estar toda persoa afiliada ao BNG encadrada nunha asemblea local. As súas funcións e composición serán as mesmas que as da Asemblea Comarcal, circunscritas ao ámbito territorial da Asemblea Local, correspondéndolle, ademais, a elección da persoa responsábel local, que ostentará a representación da Asemblea Local no Consello Comarcal.

8.20.- Para constituír unha nova asemblea local será preceptivo que, cando menos, haxa 10 persoas afiliadas ao BNG no ámbito dese concello, e será a Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, o órgano encargado de aprobar a súa constitución.

8.21.- De non reunir un concello esa condición as persoas afiliadas estarán integradas na asemblea local máis próxima ou varios concellos limítrofes poderán constituír unha única asemblea local en tanto non acadaren dimensión suficiente. Será en todo caso o Consello Comarcal o órgano facultado para aprobar este ordenamento.

8.22.- O cambio de comarca dunha localidade debe ser aprobado polo Consello Nacional.

8.23.- Poderán así mesmo existir, para os efectos de vehiculizar o traballo, grupos de

base de barrio, parroquiais ou municipais (naqueles concellos onde o BNG careza da incidencia mínima requirida para a constitución dunha asemblea local), baixo a supervisión dos órganos locais ou comarcais do BNG.

F. DO CONSELLO LOCAL

Naqueles localidades onde a dimensión organizativa do BNG e as necesidades de traballo así o demandaren, deberá constituírse un consello local. O seu funcionamento e composición rexeráse polos mesmos criterios que o consello comarcal mais referido á localidade e como mínimo o/a responsábel local formará parte do consello comarcal e será a persoa representante da localidade neste organismo.

8.24.- A mecánica e as normas que rexen a elección dos membros do consello local, dimisións e substitucións etc. é a mesma que se establece para os consellos nacional e comarcal.

8.25.- Galiza Nova poderá contar cunha persoa representante no consello local.

8.26.- Se se presentaren varias listaxes para optar aos postos do consello local de elección directa en asemblea o cargo de responsábel recaerá na primeira persoa da listaxe máis votada.

8.27.- Dependentes do consello local poderán existir grupos de traballo.

8.28.- A constitución dun novo consello local será aprobada pola asemblea comarcal ou o consello comarcal por delegación, após petición da asemblea local correspondente.

9. DA ESTRUTURA SECTORIAL

A Comisión Nacional de Organización estará integrada polas persoas responsábeis da Área de Organización e as persoas responsábeis comarcais. Esta comisión terá como principais cometidos a coordinación e o seguimento na aplicación dos acordos adoptados polos órganos nacionais do BNG, a definición das actuacións precisas para aumentar a presenza social da nosa organización, incrementar a afiliación e mellorar o noso traballo político.

Atendendo á importancia de asegurar unha homologación de criterios de actuación política e unha coordinación máis efectiva do noso traballo institucional, será

preceptiva a existencia dos seguintes grupos de traballo nos ámbitos parlamentar e municipal:

9.1. Eventualmente poderán convocarse reunións da interparlamentar do BNG de que serán membros natos os cargos electos do BNG nos diversos parlamentos.

9.2.- Dependente da Área de Acción Institucional da Executiva Nacional constituirase un Grupo de traballo de Política Local. Serán funcións deste grupo de traballo coordinar actuacións e elaborar ditames sobre os distintos asuntos da vida diaria das institucións locais. Entre outras funcións encargarase de preparar mocións, convir emendas ás mocións presentadas por outros grupos etc. Integrarán o grupo as persoas responsábeis nacionais de Acción Municipal e representantes do BNG nos distintos ámbitos da administración local (concellos, mancomunidades, deputacións, FEGAMP). Eventualmente poderá contarse co concurso de persoas expertas.

Con carácter regular celebraranse, tamén, reunións de responsábeis comarcais de Acción Municipal.

9.2.1.- O subgrupo de traballo municipal das cidades. A importancia política nas cidades exige dotalas dun órgano específico de coordinación. A súa función será homoxeneizar criterios de actuación municipal nas sete principais vilas da Galiza prestando atención especial aos concellos en que o BNG goberna. Integraranos a persoa responsábel nacional de Acción Municipal, os/as alcaldes/esas e os/as portavoces dos grupos municipais do BNG.

B. OS GABINETES E EQUIPAS ASESORAS

Os gabinetes e equipas asesoras son aquelas estruturas consultivas de carácter non participativo de que o Consello Nacional ou a Executiva Nacional decida dotarse, para contar con apoio loxístico e proporcionárllelo tamén aos grupos institucionais do BNG.

As equipas asesoras constituíranas especialistas e terán como función prestar asesoramento puntual aos órganos de dirección e cargos institucionais do BNG (a petición destes) por medio da elaboración de informes, estudos e propostas concretas.

9.3.- Os gabinetes estarán integrados por responsábeis políticos de área e persoas expertas que asesoran nalgunha materia os órganos e cargos executivos.

C. OS GRUPOS DE TRABALLO SECTORIAIS OU TEMÁTICOS

Os grupos de traballo terán carácter aberto e participativo. Conformaranse tendo en conta as grandes áreas temáticas en que estea estruturada a programación da política institucional, da intervención social, da alternativa ou, no seu caso, a acción de goberno, e, así mesmo, os temas cardinais do proxecto político estratéxico do BNG.

Serán funcións dos grupos de traballo do BNG:

a) Actuar como marcos de colaboración e apoio formados tanto por persoas militantes do BNG interesadas ou expertas en cada materia como por persoas das proximidades con implicación no ámbito de que se tratar por razóns profesionais, asociativas, ou de calquera outro interese de relevancia. A organización non só recibirá e porá en práctica estas achegas senón que as persoas responsábeis dos diferentes grupos de traballo serán referentes públicos da organización, quer por participaren en xuntanzas referidas ao tema de que se tratar como por comparecer ante os medios expresando as opinións e reflexións do BNG ao respecto.

b) Debater e definir propostas de políticas temáticas que deba desenvolver o BNG, contribuindo á elaboración, unificación e homologación da nosa política e discurso dos grandes temas nos ámbitos de cada unha delas, e trasladando as propostas que deste proceso se derivaren aos órganos de dirección do Bloque para a súa toma en consideración e aprobación, se proceder.

b) Elaboración de planos de traballo -que deberán incluír as propostas concretas de seguimento destes que se considera han ser precisas- para desenvolver na súa área de interese, que deberán ser debatidos e aprobados polo Consello Nacional.

9.4.- O Consello Nacional, por iniciativa propia ou a petición dun grupo de militantes, é o órgano facultado para aprobar a creación de cada grupo de traballo, aprobando a súa denominación, número e obxecto, que poderá organizarse en tres niveis territoriais -nacional, comarcal e local-. Os grupos de traballo comarcais e locais, de habelos, estarán sometidas ao consello comarcal e local respectivamente.

Xa que en todos os consellos (locais, comarcais e nacional) ten que haber unha persoa responsábel da área de Acción Feminista, esta será nomeada tras a proposta da correspondente Comisión de Acción Feminista.

9.5.- Todas as persoas militantes teñen dereito a pertencer a un ou varios grupos de traballo, que así mesmo estarán abertos á participación de simpatizantes e membros de movementos e organizacións sociais, en especial das que teñan carácter nacionalista.

9.6.- Os órganos nacionais do BNG darán conta ao conxunto das persoas afiliadas dos grupos de traballo nacionais constituídos en cada período interassemblear, convidándoas a participaren naqueles grupos de traballo que foren do seu interese. As persoas interesadas deberán notificar á estrutura nacional do BNG, nos prazos que se estableceren, o seu desexo de se adscribiren a un ou varios grupos de traballo nacionais, co obxecto de elaborar un censo de membros destes.

9.7.- As reunións de cada grupo de traballo serán abertas e publicitadas no conxunto da organización por medio de convocatoria individualizada a cada un dos seus membros e de comunicación aos consellos comarcais do BNG.

9.8.- Os criterios definidos para a constitución, convocatoria e réxime de funcionamento dos grupos de traballo nacionais rexerán tamén para os comarcais, en caso de habelos. Os/as responsábeis dos grupos de traballo comarcais serán membros natos do correspondente grupo nacional.

9.9.- Os grupos de traballo nacionais poderán programar encontros nacionais temáticos para analizar a problemática das distintas áreas de intervención socio-política e debater propostas de actuación. Terán un carácter aberto a toda a militancia e simpatizantes interesados/as. A súa convocatoria debe ser autorizada pola Executiva Nacional.

10. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS E O RÉXIME DISCIPLINARIO

10.1. A COMISIÓN DE GARANTÍAS

É o órgano encargado de velar polo respecto ás normas de funcionamento do BNG e aos dereitos dos/as afiliados/as. Será elixida polo Consello Nacional entre persoas que non pertenceren ao Consello. As propostas do Consello Nacional serán transmitidas ás asembleas comarcais para seren ratificadas, e estas poden recusar algún membro.

A súa función, por tanto, será ditaminar se as sancións ou medidas disciplinarias que se aplicaren se axustan ou non aos principios organizativos e ao ordenamento estatutario do BNG.

10.1.1.- A Comisión de Garantías estará integrada por 6 membros titulares e 4 suplentes; para a súa elección por parte do Consello Nacional será preciso o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do organismo.

10.1.2.- Os membros suplentes substituirán por orde de designación aos titulares que dimitan ou causen baixa na Comisión de Garantías.

10.1.3.- Caso de se dirimiren asuntos cos que un membro da Comisión de Garantías tiver relación directa ou for, á súa vez, membro do órgano sancionador, este terá de ser substituído por un suplente.

10.1.4.- A Comisión de Garantías non admitirá a trámite os recursos que nas alegacións presentadas non se axustaren ao ámbito competencial deste organismo.

10.1.5.- Nas resolucións da Comisión de Garantías será necesario o voto afirmativo dunha maioría cualificada dos 2/3 dos membros do organismo.

10.1.6.- A Comisión de Garantías constituirase no prazo máximo de tres meses tras a celebración da Asemblea Nacional Ordinaria, nomeando na súa 1ª reunión un/unha secretario/a encargado/a de convocar as reunións, moderar os debates e comunicarse coas persoas interesadas.

10.1.7.- Ante calquera asunto que chegue á Comisión de Garantías esta comisión demandará das persoas interesadas informes e/ou alegacións que deberán ser entregadas á comisión no prazo máximo de 15 días desde a solicitude. A Comisión de Garantías poderá ademais solicitar a comparecencia das persoas interesadas e as aclaracións ou informes complementarios que estime oportuno debendo ser atendidas estas demandas sen dilación.

10.1.8.- O prazo para a resolución dos expedientes será dun mes desde o comezo da instrución e será comunicada por escrito ás persoas interesadas.

10.2. DO RÉXIME DISCIPLINARIO NO BNG

10.2.1.- Calquera actuación atentatoria contra os principios do BNG ou calquera violación flagrante do seu ordenamento estatutario será motivo, atendendo á súa gravidade, de suspensión temporal de militancia ou de expulsión da organización.

10.2.2.- En cuestións disciplinarias que non superaren o ámbito da comarca, decidirá

o consello comarcal correspondente, e caberá sempre recurso perante o órgano inmediatamente superior, de acordo coa seguinte relación xerárquica: o consello comarcal sométese á asemblea comarcal, e esta ao Consello Nacional. Os consellos e asembleas, nos seus diferentes ámbitos territoriais, poderán elevar informes aos órganos a que lle corresponda resolver.

10.2.3.- As sancións colectivas serán competencia en primeira instancia do Consello Nacional do BNG, de oficio ou a instancias dun órgano do BNG, así como as que afectaren a calquera membro deste organismo.

10.2.4.- En consecuencia, o Consello Nacional tamén será o órgano competente en primeira instancia na disolución de organismos territoriais por cuestións disciplinarias, co conseguinte nomeamento dos órganos xestores encargados da reorganización do BNG na comarca ou localidade afectada.

10.2.5.- O Consello Nacional é o órgano competente na expulsión de partidos ou colectivos da Fronte.

10.2.6.- Galiza Nova rexerese no réxime de dereitos e obrigas dos/as seus/súas afiliados/as polos mesmos principios xenéricos que rexen no BNG, adaptados ao seu ámbito específico de actuación. En caso de conflito competencial entre os órganos comarcais do BNG e Galiza Nova, resolverá o Consello Nacional do BNG.

10.2.7.- Contra todas as sancións disciplinarias, e esgotados os recursos perante os organismos ordinarios, cabe a apelación, a instancia de parte, perante a Comisión de Garantías, que ditaminará se as sancións adoptadas foron acordes ou non co ordenamento estatutario do BNG.

11. DA TOMA DE DECISIÓNS E O FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS EN XERAL

Todas as decisións dos diversos órganos do BNG serán adoptadas por maioría simple dos presentes. O quórum de constitución para considerar válidos os acordos dos distintos órganos de dirección será o da metade máis un dos seus membros. O quórum de constitución para considerar válidos os acordos das asembleas será o da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria e media hora despois calquera que sexa a asistencia.

11.1.- As reunións de todos os órganos do BNG deben ser convocadas por escrito e deberán incluír na convocatoria a Orde do Día.

11.2.- Darase publicidade dos seus acordos ao conxunto dos membros do organismo.

11.3.- Existirán libros de actas de reunións de órganos nacionais, comarcais e locais, levantándose acta de cada xuntanza que será aprobada na seguinte reunión. Os órganos locais deben enviar copia da acta ou comunicación de acordos das súas reunións ao Consello Comarcal despois da súa aprobación. Os órganos comarcais farán o propio cursando copia da acta das súas reunións ou comunicación de acordos á Executiva do Consello Nacional.

11.4.- Todos os organismos de dirección do BNG deben levantar acta da súa constitución, detallando os datos completos dos/as seus/súas integrantes e o reparto de responsabilidades. Os consellos enviarán copias aos órganos de dirección dun nivel territorial superior destas actas de constitución. Asemade deberán informar por escrito puntualmente dos cambios que se produciren na súa composición e reparto de responsabilidades.

11.5.- Sempre que o solicitar o 20% dos presentes, as votacións dos organismos serán secretas.

11.6.- Os órganos de dirección do BNG poderán, naqueles temas de singular interese, establecer novos mecanismos de consulta aos/ás afiliados/as e simpatizantes que complementen o debate orgánico. Así o Consello Nacional poderá, con carácter consultivo, convocar referendos para coñecer a posición do conxunto da base social do BNG sobre unha cuestión determinada. Estas consultas poderán ser restrinxidas á afiliación ou abertas aos simpatizantes.

11.7.- O BNG dotarase dunha estrutura estábel de persoas simpatizantes e colaboradoras. A persoa simpatizante ou colaboradora debe recibir información regular das posicións políticas e da actividade xeral do BNG, ser convocada ás asembleas locais que se realizaren, poder participar nos grupos de traballo que derivaren de organismos locais, ser escoitada polos órganos de dirección local ou comarcal, asistir a actividades e xuntanzas de carácter comarcal ou nacional para temas ou cuestións de carácter específico e tomar parte nas decisións de ámbito local, agás incompatibilidades estatutarias.

12. DOS CARGOS ORGÁNICOS E INSTITUCIONAIS DO BNG

12.1.- A composición de todas as listaxes para a elección dos órganos de dirección, así como as listaxes electorais contarán cunha porcentaxe non superior ao 60%, nin inferior ao 40% para cada un dos xéneros, no camiño de acadar a plena paridade. Esa

mesma porcentaxe deberá reflectirse nos dez primeiros postos de calquera listaxe electoral.

12.2.- O órgano competente para aprobar as listaxes electorais e designar cargos institucionais é o Consello Nacional.

12.3.- Nas eleccións locais, as asembleas locais, vía organismos comarcais, elevarán propostas de lista ao Consello Nacional, para a súa ratificación, se proceder, por este organismo.

12.4.- No caso da elección de deputados/as provinciais, os afiliados e afiliadas do BNG dos concellos da zona electoral correspondente, reunidos en asemblea, realizarán propostas de candidatos/as para a súa consideración polo Consello Nacional.

12.5.- O BNG tenderá a evitar a acumulación de cargos públicos electivos por parte dunha mesma persoa. Así, establécese un réxime de incompatibilidades que impide compatibilizar máis dun cargo institucional.

12.6.- Nos concellos de máis de 25.000 habitantes será incompatíbel que unha mesma persoa sexa portavoz do grupo municipal ou alcalde/esa e responsábel local do BNG.

12.7.- Establécese un límite de 3 mandatos consecutivos na mesma función a partir da 10ª asemblea, tanto no que atinxe a cargos orgánicos como institucionais.

12.8.- O Consello Nacional é o único órgano facultado para, atendendo a necesidades políticas ou organizativas imperiosas, establecer excepcións á aplicación destas medidas.

12.9.- Son obrigas dos cargos electos do BNG a defensa dos dereitos e intereses do pobo galego e o servizo aos/ás electores/as debendo dar conta da súa actuación no exercicio do cargo.

12.10.- Os membros do BNG electos para cargos públicos defenderán unha política acorde coa definida polo Consello Nacional e os órganos de dirección comarcal e local do BNG e teñen o deber político de informar e render contas da súa actividade, tendo o seu cargo permanentemente á disposición da Fronte. Ademais, aceptarán de forma expresa os principios éticos e políticos do BNG, así como da súa Carta Financeira para acceder a un cargo público en representación do BNG.

13. DAS FINANZAS E DA ADQUISICION DE BENS E SERVIZOS

13.1.- Anualmente renderase conta dos gastos e ingresos e elaboraranse orzamentos nacionais que deberán ser sometidos á aprobación do Consello Nacional do BNG. Tanto no orzamento como na rendición de contas deben consignarse as os gastos e ingresos comarcais.

13.2.- En consecuencia, será preceptivo tamén a elaboración por parte das comarcas de orzamentos e balances anuais e a presentación destes perante a Área de Organización. con tempo suficiente para a súa inclusión nos orzamentos e balances nacionais.

13.3.- As cotas dos/as afiliados/as do BNG aboaranse por domiciliación bancaria, agás casos excepcionais e xustificados en que será preceptivo a autorización do Consello Comarcal.

Os consellos comarcais, a petición das persoas solicitantes e atendendo ás súas circunstancias económicas, poderán eximir do pago da cota ou establecer unha cota reducida, para os/as afiliados/as con menos ingresos.

13.4.- Cada grupo parlamentar ou municipal do BNG domiciliará nunha conta autorizada do BNG o cobro das cantidades que o grupo e os seus integrantes percibiren da institución polos diferentes conceptos. Procederase mensualmente a liquidar por parte das áreas de Finanzas nacionais e comarcais (segundo o nivel territorial) as cantidades que corresponderen ao BNG e aos cargos institucionais.

13.5.- Os pagamentos internos (caixas comarcais á caixa nacional, etc) faranse automaticamente a través de ordes de pago en conta.

13.6.- O BNG ostentará a titularidade de todos os locais, contas e bens cos que opera nos diferentes ámbitos territoriais, ou no seu defecto, a persoa ou persoas que o BNG definir.

13.7.- A adquisición ou alugamento de locais, apertura de contas e negociación de créditos bancarios, así como a adquisición de bens e servizos por importe superior a 6000 euros debe ser autorizada pola Executiva Nacional do BNG. As solicitudes, xa que logo, deben ser presentadas por escrito perante este órgano, debidamente argumentadas e orzamentadas.

13.8.- A contabilidade comarcal estará centralizada. É preceptiva a existencia dun libro de contas e a emisión de partes de finanzas mensuais dando conta dos movementos

de gastos e ingresos da comarca, de que se informará ao consello e á asemblea correspondente. Na contabilidade comarcal, xa que logo, deben estar incluídos os gastos e ingresos feitos polas localidades.

13.9.- Os órganos nacionais do BNG poderán acceder aos libros de contas e ao control dos movementos bancarios das contas ou subcontas comarcais do BNG para recompilar información cando o consideraren oportuno.

13.10.- A explotación dos produtos promocionais do BNG e o uso da marca do BNG é competencia exclusiva da organización nacional. Xa que logo toda comarca que quixer editar este tipo de produtos deberá solicitar antes autorización.

14. DOS CADROS POLÍTICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, A REMUNERACIÓN DOS CARGOS INSTITUCIONAIS E O PERSOAL AO SERVIZO DO BNG

14.1.- A "liberación" de cadros ou militantes do BNG para a súa dedicación en exclusiva á actividade política e a contratación de persoal para funcións técnicas ou administrativas debe ser aprobada pola Executiva Nacional do BNG sexa a súa función nacional, comarcal ou local.

14.2.- A Executiva Nacional determinará o reparto dos ingresos que perciban os cargos institucionais do BNG en concepto de salarios, dietas, asignacións a grupos parlamentares e municipais etc.

14.3.- O persoal ao servizo do BNG, pertenza ao cadro de persoal nacional, comarcal ou local, rexerase polas condicións contractuais que os órganos nacionais do BNG definiren para os seus traballadores e traballadoras e ao réxime de dereitos e deberes incluídos na lexislación laboral. A Área de Organización levará as relacións co persoal.

14.4.- As/Os militantes do BNG terán preferencia nas contratacións internas e verán garantidos todos os seus dereitos. O BNG establecerá uns mecanismos de selección uniformes para todos os procesos, en todas as instancias tanto institucionais, como orgánicas e territoriais. Os procesos deberán garantir os principios igualdade, mérito e capacidade e deberán ser publicitados para que calquera militante que, cumprindo os requisitos exixidos, desexa acceder ao posto, teña posibilidade de facelo.

15. DOS ÓRGANOS DE EXPRESIÓN

Os órganos de expresión oficial do BNG son os voceiros, circulares informativas, e o

periódico electrónico www.bng.gal. A Executiva Nacional está facultada para crear novos órganos de expresión ou modificar os existentes, e rendera contas disto ao Consello Nacional.

16. DOS SÍMBOLOS

O BNG asume a Bandeira Nacional de Galiza e a mesma coa inclusión da estrela encarnada de cinco puntas.

O Himno da organización é o galego.

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

Órganos de dirección do BNG

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DO BNG

COMPOSICIÓN DO CONSELLO NACIONAL

EXECUTIVA NACIONAL

- Ana Belén Pontón Mondelo (*Portavoz Nacional do BNG*)
- Carlos Branco Ansoar
- Rubén Cela Díaz
- Carme Da Silva Méndez
- Obdulia Diniz Carlos
- Olaia Ledo Díaz
- Bieito Lobeira Domínguez
- Xosé Manuel Marcote Gil
- Alberte Mera García
- Montserrat Prado Cores
- Noa Olalla Presas Bergantiños
- Néstor Rego Candamil
- Xosé Luís Rivas Cruz "Mini"
- Goretti Sanmartín Rei
- Raquel Suárez Regades
- Xosé Emilio Vicente Caneda

André Abal Mauricio (*Responsábel comarcal da Emigración*)

Manuel Agra Villar (*Responsábel comarcal de Valdeorras*)

M^a Cristina Andrade González (*Responsábel comarcal da Barbanza*)

Rubén Arroxo Fernández

Xosé Luís Bara Torres

Odilo Barreiro Martínez

María Beatriz Bascoy Maceiras

Elvira Blanco Pérez

Roberto Bouça Orosa

Xavier Campos López

Daniel Carballada Rodríguez

Silvia Carballo González (*Responsábel comarcal do Morrazo*)

Manuel Caride Correa (*Responsábel comarcal de Vigo*)

Xosé Manuel Carril Vázquez

Xosé Manuel Casal Sabín

Xoan Xosé Castaño Conde

Paula Castro Lago (*Responsábel comarcal de Compostela*)

Xoán Carlos Domínguez Alberte (*Responsábel comarcal de Celanova-Baixa Limia*)

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG | organos de dirección do BNG

Serxio Domínguez Louro (*Responsábel comarcal da Costa da Morte*)
Manuel Domínguez Rei (*Responsábel comarcal do Salnés*)
Ana Belén Ermida Igrexas (*Responsábel comarcal da Mariña*)
Alba María Feixóo López
M^a Cruz Ferradás Cuñarro
Xosé Ferreiro Fernández
Pablo Ferreiros Vidal
Pura Ferreño Saia
Alba Inés Fidalgo Bugarín (*Responsábel comarcal do Condado*)
Secundino García Casal
Jessica García Cruz
Manuel María García Fernández (*Responsábel comarcal de Muros-Noia*)
Manuel García López (*Responsábel comarcal da Montaña*)
Francisco García Suárez (*Responsábel comarcal de Allariz-A Limia*)
Irati García Tome
Daniel Gómez Rodríguez (*Responsábel comarcal de Ourense-O Carballiño*)
Demetrio Gómez Xunqueira
Sandra González Álvarez
Ximena Mariel González Ataíde
Belén González Martínez
Félix Miguel Jorquera Caselas
Francisco Jorquera Caselas
Digna María Lagarón Doval
Elia Lago Pereira
Ana Rosa López Davila
Cristina López Sanchez
Lucía López Sobrado
Diego Lourenzo Moura
Manuel A. Lourenzo Sobral
M^a Victoria Louro Ferreiro (*Responsábel comarcal da Coruña*)
Xulia Mira Suárez
Ana M^a Miranda Paz
Laureano Muiños Lago (*Responsábel comarcal do Baixo Miño*)
Adolfo Fco. Muiños Sanchez
Ramon Noceda Caamaño
Serafín Otero Fernández
Luís Alberto Oubiña Piay
Inacio Pavón Barbagelata
Luís Antonio Pérez Barral
Pedro Pérez Caride

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG | organos de dirección do BNG

Luís Pérez Estévez (*Responsábel comarcal do Ribeiro*)
Rosana Pérez Fernández
Rosa Ana Prieto Florines
Isidro Rajo Parga
Xosé Regueira Varela (*Responsábel comarcal de Bergantiños*)
Antonio Iván Rivas Rico
Ricardo Rodicio González (*Responsábel comarcal do Lugo Sul*)
Olalla Rodil Fernández
Miriam Rodríguez Fernández
Xosé Manuel Rodríguez Méndez
Manuela Rodríguez Pumar
M^a Do Pilar Sampedro Laranga
Francisco Javier SantaMaría Blanco
Diego Santorio Moscoso
Leticia Santos Paz
Xan Carlos Sar Oliveira
Ángeles Sierra Alonso (*Responsábel comarcal de Monterrei*)
M^a Almudena Taboada Castro
Leopoldo Xosé Tato Bello
Mercedes Tobío Rodríguez (*Responsábel comarcal de Ferrolterra*)
Marcos Trigo Facal
Oscar Valadares Ocampo
Bernardo Valdês Paços (*Responsábel comarcal de Lugo Centro*)
Iago Varela Martínez
Guillermo Vázquez Vázquez
Avia Veira González
Roberto Vilamea Ponte (*Responsábel comarcal da Estrada-Deza*)
Rafael Vilar González
Eva M^a Villaverde Pego (*Responsábel comarcal de Pontevedra*)

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

Resolucións aprobadas

RESOLUCIÓN APROBADA NA XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

RESOLUCIÓN DE SAÚDO Á LIBERACIÓN DE ARNALDO OTEGI

O BNG quer expresar a súa satisfacción pola próxima liberación do líder abertzale Arnaldo Otegi, inxustamente encarcerado pola súa defensa por vías pacíficas e democráticas dos dereitos nacionais de Euskal Herria.

Así mesmo, o BNG reitera a súa solidariedade co pobo vasco na súa loita pola soberanía no camiño da independencia de Euskal Herria.

RESOLUCIÓN CONTRA OS PROXECTOS DE MEGAMINARÍA NO NOSO PAÍS

O BNG reitera a súa oposición ás previsións da Xunta a respecto dos proxectos de megaminaría e, en concreto, ao proxecto Isabela II que afecta aos concellos de Coristanco, Vimianzo, Zas, Santa Comba e Mazaricos por ser un proxecto especulador, colonizador e esquilador dos nosos bens naturais. Galiza NON é unha mina!

RESOLUCIÓN DE APOIO AO POBO SAHARAUI

A XV Asemblea Nacional do BNG saúda ao pobo saharauí cando se cumpre o 40 Aniversario da proclamación da República Saharauí Democrática.

Esiximos o fin da ocupación militar marroquí o territorio do Sáhara e denunciámos a complicidade dos distintos gobernos do Estado español coa potencia ocupante.

Queremos mostrar unha vez máis o noso total apoio á causa do pobo saharauí, á Fronte Polisario como organización política irmá que dirixe a loita do seu pobo para exercer o dereito de autodeterminación.

A XV Asemblea Nacional do BNG berra co pobo saharauí e con todos os pobos do mundo SÁHARA LIBRE!!!

RESOLUCIÓN DE SOLIDARIEDADE ANTIIMPERIALISTA

O BNG expresa a plena solidariedade internacionalista, desde unha óptica antiimperialista, con todos os pobos do mundo que loitan contra a opresión nacional e social e pola liberdade, a paz, a soberanía e a independencia das nacións. De forma expresa, neste momento, queremos manifestar a nosa oposición á guerra imperialista no Oriente Próximo e reclamamos unha política de paz e de respecto á soberanía dos pobos. Tamén a solidariedade co pobo palestino, que loita contra a ocupación sionista e por un Estado propio. A solidariedade co pobo curdo, que loita

contra a opresión de distintos estados e pola unidade e a liberdade. De maneira especial, o noso total apoio ao proceso de independencia de Catalunya, expresión da vontade maioritaria de liberdade e democracia do pobo catalán. Contará con toda a solidariedade do nacionalismo galego fronte a calquera actitude autoritaria e antidemocrática por parte do Estado español. A loita de Catalunya pola soberanía é a nosa propia loita. A loita dos pobos palestino, curdo, saharauí... de todos os pobos do mundo é a nosa propia loita pola liberdade.

RESOLUCIÓN DE REXEITAMENTO DA PRÓRROGA DE ENCE

A XV Asemblea Nacional do BNG mostra un rexeitamento total á prórroga de ENCE na ría de Pontevedra por 60 anos máis. A súa permanencia na ría é unha mostra da situación colonial e de dependencia de Galiza.

O BNG mostra o firme compromiso de continuar a loita política e social para que ENCE desapareza da ría de Pontevedra, recuperar esta e a capacidade de Galiza para decidir sobre os seus recursos.

RESOLUCIÓN DE COMPROMISO FEMINISTA

Nesta XV Asemblea Nacional desde o BNG reafirmamos o noso compromiso coa erradicación do patriarcado e a violencia que este sistema xera. Reiteramos o noso compromiso de erradicación da violencia machista e a exercida contra todas as identidades de xénero.

Rexeitamos todas as manifestacións destas violencias: machismo, transfobia, lgtbfobia e afirmamos máis unha vez que a República Galega que queremos construír será feminista ou non será .

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

Organizacións nacionais e internacionais
convidadas

ORGANIZACIÓNS NACIONAIS E INTERNACIONAIS CONVIDADAS

NACIONAIS

- A Mesa
- ADEGA
- AS-PG
- CIG
- Coalición Galega
- Comités
- Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornad@s
- Federación Obreira Galega
- Federación Rural Galega
- Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Mancomún
- Partido Galeguista
- Partido Comunista do Pobo Galego
- Seareiras Galegas

INTERNACIONAIS

PORTUGAL:

- Bloco de Esquerda
- Partido Comunista Portugués

ESTADO ESPAÑOL:

- ERC
- CUP
- EH BILDU
- EAJ-PNV
- Bloc Nacionalista Valenciá
- Coalición Més
- Unidad del Pueblo de Canarias

NAZONS OPRIMIDAS:

- Delegacion Saharai En Galiza
- Frente Popular de Liberación de Palestina
- HDP Curdistán

EUROPA:

XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG | organizacións nacionais e internacionais convidadas

- Alianza Libre Europea-Ale
- Union Démocratique Bretonne-UDB
- Scottish National Party
- Plaid Cymru
- Sinn Féin
- Partido da Nazione Corsa

AMERICA:

- Parti Québécois
- Foro de Sao Paulo
- PT do Brasil
- Pcdb
- Frente Guasú de Paraguay
- Frente Amplio de Uruguay
- Wallmapuwen-Partido Nacionalista Mapuche
- Mas-IPSP Bolivia
- Cónsul de Cuba en Galiza
- Cónsul de Venezuela en Galiza

